

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 02.02.2017

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.10 h do 02.02.2017, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Panceiras, Ana María Novo Picos, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María del Carmen Martínez Rodríguez

Secretario accidental:

Fernando Aradas García

Interventora:

Iria Luisa Díaz Gavela

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinarias do 03.11.2016 e do 01.12.2016

Ao non haber ningunha obxección, o presidente declara aprobadas as actas das sesións ordinarias do 03.11.2016 e do 01.12.2016.

2. Dación de conta das Resolucións da alcaldía dende o núm. 1434/2016 ao núm. 1435/2016 e dende o núm. 1/2017 ao núm. 97/2017

Os concelleiros danse por informados.

3. Mocións urxentes

3.1 Moción urxente dos grupos municipais do partido Popular de Fene, grupo municipal Socialista de Fene e Somos Fene, para definir a prioridade dos proxectos a incluír no POS+2017

Os grupos municipais do partido Popular de Fene, grupo municipal Socialista de Fene e Somos Fene presentan a seguinte moción para a súa introdución por urxencia na orde do día:

“MOCIÓN URXENTE DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PARTIDO POPULAR DE FENE, GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE FENE E SOMOS FENE, PARA DEFINIR A PRIORIDADE DOS PROXECTOS A INCLUIR NO POS+2017

DON ANTON LOIS NOCEDA CARBALLO, Voceiro Grupo Municipal Socialista, D. GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL, voceiro do Grupo Municipal del Partido Popular, e DON XOAN MANUEL RODRIGUZ BASTIDA, Voceiro de SOMOS FENE, de conformidade co establecido na lexislación vixente presentan esta MOCION para o seu debate y aprobación polo Pleno do Concello de Fene con base nos seguintes.

ANTECEDENTES

O pasado martes 29 de novembro de 2016 a Deputación Provincial de A Coruña publicaba no BOP a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de concellos) POS+2017.

Dende esta data os diferentes grupos da oposición teñen reiterado en diversas ocasión ao Goberno de Fene (BNGÑ-EU) que avance unha proposta de actuacións para que se valorasen polos diferentes grupos que compoñen a Corporación.

O Goberno do Concello de Fene non da resposta ata á Comisión de Desenvolvemento Territorial celebrada o martes 24 de xaneiro de 2017 e a xuntanza de voceiros realizada o 25 de xaneiro de 2017, perdendo dous meses nos que se poderían ter adiantado os traballos de selección e elaboración de proxectos.

Nesta xuntanza diferentes grupos políticos realizan achegas á proposta do Goberno e solicitan unha valoración económica do conxunto co obxecto de facilitar o procedemento para fixar a prioridade das obras a incluír.

A día de hoxe, o Goberno de Fene só ten entregado a valoración da metade das intervencións propostas. E só foi capaz de adiantar unha cantidade aproximada do importe que corresponde ao Concello de Fene para proxectos a incluír no POS+.

O pasado martes 31 de xaneiro, O Alcalde de Fene. SR. Trigo Rey, ás 14.55 h. realiza unha convocatoria por mail aos voceiros dos diferentes grupos políticos para xuntarse, o mércores 1 de febreiro, as 9.00 h., para definir unha proposta para o POS+ 2017. Xuntanza á que dada a premura de tempo varios voceiros informan da imposibilidade de asistir e afean as formas empregadas por Trigo Rey na convocatoria da mesma.

O xoves día 2 nos sorprendemos lendo na prensa que a única discusión entre Goberno e oposición era si se facían as pistas de padel de Fene ou a área recreativa de San Valentín. Extremo do que a maioría dos grupos da oposición son alleos posto que o Goberno todavía non empezou a discusión coa maioría deles. A maior abundamento enriba da mesa hai case 40 propostas de intervención e no POS+2017 con al menos 2 forzas políticas do Concello nen sequera comezou.

As forzas políticas asinantes da presente moción entendemos que os retrasos na definición das obras a incluír no POS+2017, a ocultación dos datos solicitados, as deficiencias na convocatoria das xuntanzas de traballo, e o difusión de información trexiversada aos medios de comunicación mostran a nula intención do Goberno de Fene (BNG-EU) de dialogar e consensuar coas forzas políticas da oposición a proposta para p POS+2017.

Ante esta situación insolita, a premura de tempo para elaborar os proxectos a incluír no POS+ 2017, a xestión esperpéntica do goberno de Fene dos traballos para a inclusión do noso Concello no POS+ 2017 e o risco certo de que rematen os prazos sen proposta e sexa imposible tramitar a solicitude en tempo e forma, os asinantes da presente proposta entendemos que é imprescindible trasladar ao pleno o debate sobre os proxectos a incluír na proposta do Concello de Fene ao POS+ 2017.

Por todo elo solicitamos do Pleno se tomen o seguinte ACORDO:

- Instar ó goberno a que proceda de inmediato a realizar os traballos para a inclusión no POS + 2017 das obras que se indican a continuación incluíndose pola orde indicada na solicitude ate acadar o importe da cantidade asignada, máis as incorporacións da Deputación e as baixas.

- 1) 1º Fase do saneamento de augas fecais por gravidade no Feal e nas Picas (Magalofes).
- 2) Separativa de pluvias e fecais da rúa Tellerías e O Regueiro e conexión das fecais ao colector e estación de bombeo, incluído a conexión da separativa de pluviais e fecais dos bloques 5 a 12 da Avda. do Mar ao colector (San Valentín).

- 3) Substitución de tubería da auga na Avda. Porta do Sol tramo do Camiño de Buios a Talleres Santa Ana do Sol e cambio do enganche da auga para o camiño de Buios. (Fene).
- 4) Saneamento de augas fecais por gravidade no camiño do Regueiro (Sillobre)
- 5) Eliminación dos vertidos no Carril (Barallobre).
- 6) Mellora de firme con MBC no último tramo do camiño (40 m.) Volta do Ramo (Barallobre).
- 7) Arranxo do tellado da Galiña Azul. (Perlío).
- 8) Arranxo dos vestiarios do Campo de Fútbol. (Perlío).
- 9) Reforzo con Rego Asfáltico triple por zonas dende o cruce da rúa Travesa e a rúa Gerardo Díaz ata o Lavadeiro de Mundín (Perlío)
- 10) Rego asfáltico na rúa Unión – Souto Bello (Maniños).
- 11) Camiño perpendicular ao camiño da Fonte (Rúa penela) e/ou rúa Coto Pequeno (Limodre).
- 12) Pistas de Padel (Fene).
- 13) Reurbanización do - Bloque 5 en San Valentín e reforzo do firme na Avda. da Cooperación tramo Avda. do Mar ao Economato de ASTANO. (San Valentín).
- 14) 1º Fase Saneamento por gravidade Zona de Buio (Sillobre)
- 15) Reforzo con rego asfáltico triple dende o lavadeiro de mundín ata a NVI (Zona de Santa Ana) (Fene).
- 16) PARQUES INFANTÍS: Adaptación á normativa dos parques infantís: Parque Infantil do Río Cádavo (Fene), Parque infantil de San Valentín (Pavillón) (San Valentín) e Parque Infantil da Ribeira (Barallobre).
- 17) Substitución tubería de auga potable no cruce de Fene (Fene).
- 18) Mellora do peche da pista polideportiva de San Valentín peche perimetral e pavimento (San Valentín).
- 19) Substitución de tubaxes de auga e reforzó de firme (MBC) no Cádavo (Perlío).
- 20) Estabilización e reposición de obras de contención nas marxes do río cádavo en varios puntos (Perlío).
- 21) Mellorar as beirarrúas da Avda. Naturais na marxe dereita (Fene)
- 22) Reforzo de firme con MBC na rúa Alta (Perlío).
- 23) Reforzo do firme con rego asfáltico triple no camiño de Mundín (Tramo Lavadeiro-ó camiño dos Pinares) (Perlío).
- 24) Area recreativa de San Valentín.
- 25) Ampliación dos nichos no cemiterio municipal de Fene.
- 26) Reforzo do firme con MBC na rúa Fontelonga (Fene).
- 27) Reforzo de firme con MBC nas rúas Xunqueira, Peirao e Hortelá (Perlío).

28) Reforzo de firme con MBC da rúa do edificio de Servizos Sociais (San Valentín).

29) Ampliación de Beirarrúas na Avda Naturais. (Fene).

30) Reforzo de firme con regos asfálticos no camiño de San Marcos (Moreira) (Sillobre). (Previa expropiación dos terreos necesarios).

Fene a 2 de Febreiro de 2017.

D. ANTON LOIS NOCEDA CARBALLO / D. GUMERSINDO GALEGO FEAL / D. XOAN MANUEL RODRIGUEZ BASTIDA”

Toma a palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que xustifica a urxencia dicindo:

Logo de dous meses da publicación das bases do POS+2017 comezouse un procedemento de propostas cunha lentitude absolutamente exasperante e a documentación e a información que pedimos os tres grupos da proposta non daban chegado e os prazos de presentación son os que son. Ou se toman decisións con absoluta celeridade ou vai ser absolutamente imposible que este Concello poida presentar as propostas en tempo e forma. Paréceme que sen a colaboración dos grupos propoñentes e definindo hoxe as propostas vaise chegar xustísimos de tempo. Non se podía esperar máis, máxime logo das novas que tivemos hoxe pola mañá na prensa de valoracións sobre xuntanzas, que no caso do partido Socialista e algún outro que asina o documento nin sequera participaron e dificilmente se pode saber a súa opinión ao respecto. Por iso toca que se debata xa e que se debata aquí para que quede constancia do que di cada un e non haxa lugar a interpretacións ou opinións sobre o que se di ou se deixa de dicir.

Ao non haber máis intervencións o Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta de 12 votos a favor (7 do grupo municipal do PP, 3 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal Somos Fene), 1 voto en contra do grupo Mixto municipal e 4 abstencións do grupo municipal do BNG, acordou incluír na orde do día por urxencia a Moción transcrita.

Abre o debate da moción o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di:

Na exposición da urxencia xa adiantei que se abre unha convocatoria do POS+ que incorpora importantísimas novidades respecto do financiamento dos Concellos, cando menos en canto aos mecanismos para as solicitudes. Isto significa a desaparición dalgunhas das liñas de financiamento que viñan sendo habituais nos últimos anos porque se fusionan nesta nova liña. O plan publicouse o 29.11.2016, hai máis de dous meses e dende entón coñécense as bases, sábese a cantidade que Fene ten asignada e tamén nesas datas son públicas as cantidades que poden destinarse obrigatoriamente a facturas e ao financiamento do gasto e créditos como as que son precisas detraer para o financiamento dos plans de Cultura, Servizos Sociais e Deportes que se viñan financiando noutros plans. Esta é a única parte do orzamento que se fixo cun mínimo de dilixencia por parte da alcaldía, no sentido que si se consultou cos grupos municipais cal sería a intención da Corporación en introducir ou non os programas que antes se financiaban a través das liñas de axuda desaparecidas. Non obstante, tiveron que transcorrer practicamente dous meses ata que se achega a primeira información que cuantifica esas cantidades, e por tanto define os cartos que Fene vai dispoñer para este POS+, pero incluso esta información deuse en termos moi aproximados. Penso que non só presenta falla de definición senón que ademais claramente parte de premisas erradas que case que, con toda probabilidade, variarán a cantidade que informou o alcalde de que se podía dispoñer. A partir de aí pedíusenos, aos diferentes grupos da Corporación, que fixeramos achegas e distintos grupos dixémoslle ao alcalde que lle corresponde ao goberno fixar as cantidades e que este debía facer a súa achega. Realizouse un listaxe de 18 propostas sen cuantificar á que o alcalde engadiu o financiamento dos proxectos destas obras, cousa que a oposición xa adiantou que non era moi favorable a que se financie isto con cargo a esta subvención. A partir disto, atopámonos coas mesmas grazas que hai meses xa nos tiña obsequiado o alcalde, con convocatorias tan espléndidas a través de correos electrónicos case que as tres da tarde para xuntanzas ás nove da mañá do día

seguinte. O alcalde ignora, porque cobra desta Corporación, que hai xente que traballa e precisa pedir permisos nos seus postos de traballo para saír porque senón, entre outras cousas, poden ser sancionados. Dende o meu grupo político díxoselle ao alcalde, en reiteraras ocasións, que pensábamos que este debate estaba superado, pero vexo que unha e outra vez o alcalde obstínase en facer as cousas do peor xeito que se poden facer, incluso cando pediu desculpas hai semanas ou meses por estas cuestións vexo que non hai nada de arrepentimento, pois vólvense repetir cando lles parece pertinente, así sorprendeunos o visto no periódico de hoxe pola mañá que semella que a discusión e o debate dos grupos da Corporación é se se mete unha área recreativa ou unhas pistas de padel. Paréceme unha broma, que se pretenda resumir os necesarios procesos de discusión e consenso a unha discusión que en todo caso non lle corresponde. Non veño aquí a discutir se se fai unha pista ou unha área recreativa, vimos discutir das necesidades dos veciños e veciñas de Fene, se precisan rede de saneamentos, acometidas de auga, arranxos de pistas ou se as instalacións que hai teñen as medidas de seguridade correspondentes. O alcalde volveu falar de verse tras do Pleno e informámoslle que a nosa organización, concretamente, xa tiña unha xuntanza prevista, e o alcalde rompeu a tradición que sempre houbo neste Concello de falar con todas as forzas políticas, buscar os espazos e tentar poñer as xuntanzas nos días e nas horas nas que todos podían asistir, con normalidade e con tempo para que os debates se puideran producir dun xeito tranquilo. Isto non lle interesa, non lle interesou durante os trece meses que compartiu o goberno con nos, nunca lle interesaron as formas para convocar as xuntanzas e para facer os debates, interesoulle só a "triquiñuela", amagar e esperar ata o último momento para xustificar que, como xa non hai tempo, se faría o que el dixera. Hai formas de comportamento e talantes claramente antidemocráticos que teñen que acabarse algunha vez e os debates, aínda que teñan que vir tarde, algúns grupos políticos preocupáanse de levalos a onde teñen que estar, onde teñen que producirse que é no máximo órgano do Concello de Fene, que é o seu Pleno. Presentamos unha proposta aberta á discusión. Algúns somos quen de levantar o teléfono para falar e poñernos de acordo nos días e nas horas nas que nos temos que xuntar, non como vostede que non levanta o teléfono nunca e nin sequera se molesta en consultar, acostumando a convocar xuntanzas como acostuma. A maioría desta Corporación, doce de dezasete, nos puxemos de acordo en canto ás prioridades e por iso traemos esta proposta ao Pleno para debatela, instándolle ao goberno a que deixe de dar voltas e inmediatamente se poña a traballar cos criterios democráticos da maioría da cidadanía de Fene, que son os que representa a maioría dos representantes deste Pleno e que non se traduce nunha maioría que o alcalde e o seu goberno poidan acompañar. Ordénanse practicamente a totalidade das propostas que fan os grupos políticos en canto a prioridades, que todas nos parecen importantes e necesarias pero, sinxelamente, algunhas máis urxentes que outras. Seguirei aportando nas seguintes intervencións criterios para a súa elaboración e definición pero, entre eles, hai algúns criterios que o alcalde debe ter claros pois, tanto o meu grupo como o resto dos grupos políticos que subscriben a proposta, puxeron enriba da mesa dende o principio deste debate, prioridade para os servizos básicos, prioridade para auga e saneamento, para eliminar os vertidos contaminantes á ría de Ferrol, fonte de riqueza para moitas familias da nosa bisbarra, un criterio transversal de investimento en todas e cada unha das parroquias deste Concello e non marxinar, como na proposta inicial do goberno que esquecía as parroquias de Limodre e Barallobre na que non se contemplaba ningunha intervención. É certo que con seguridade faise esta proposta e poderíanse facer dúas, tres ou catro máis e probablemente todas puideran ter o seu sentido e o seu criterio, pero esta é froito do traballo colectivo da maioría desta Corporación e por iso entendemos que ten que ter un peso relevante á hora da discusión. Por todo isto presentamos esta proposta, aínda que no mesmo proceso do debate se poida matizar algunha cuestión.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di:

Como antecedentes da necesidade desta moción hai que tomar unhas datas, así o 29.11.2016, último venres de mes como é habitual, a Deputación Provincial da Coruña realizou o seu pleno ordinario no que se aprobaron as bases do 2017 do POS+. Este plan supuxo unha novidade respecto outros anos, desaparecen determinados tipos de subvencións como son as de Servizos Sociais, Turismo, Promoción Económica, Instalacións Deportivas e concéntranse todas neste Plan, co cal, se ben se lle dá un pouco máis de autonomía aos concellos, tamén redúcese bastante a achega da Deputación, aínda que tamén son consciente de que, coa incorporación do remanente de tesourería, incrementarase a cantidade, pero isto é o que hai e ao que hai que adaptarse. A miña sorpresa é que case que pasados dous meses, na Comisión do 24.01.2016, é cando temos a primeira nova do

gobierno de que quere facer algo ao respecto das obras que queren presentar na Deputación. Ese mesmo día chegamos á Comisión pola mañá e, aínda por riba, recibimos unha "bronca" do concelleiro de Urbanismo, que nos dixo que levaba alí as obras porque a oposición non fixo ningunha proposta, o cal foi sorprendente. O seu goberno fala do dito nas Xunta de Voceiros e alí quedouse en que o goberno ía achegarnos á oposición, primeiro, as cifras que se ían dedicar a manter, por exemplo, esas subvencións de Servizos Sociais, Turismo ou Promoción Económica e, segundo, canto se ía destinar ao pagamento de facturas ou a amortización da débeda ou a gasto corrente, en base ao que din as bases do Plan. A oposición non pode comezar a propoñer obras sen saber se se van gastar 775.000 euros ou 550.000 euros. O meu grupo o que dixo foi que o goberno presentase primeiro un borrador ou unha primeira proposta inicial no que constasen aquelas cantidades que ían constar para eses outros fins, para poder determinar as cantidades necesarias para as obras e iso non o fixeron. Ao día seguinte ao da Comisión, o alcalde dixo no Diario de Ferrol que primeiro había que determinar que gastos se ían a destinar a gasto corrente, amortización da débeda e ao pagamento de facturas, que iso si que é "ter geta". Aquí cada un vai polo seu lado, o concelleiro pedindo que se designen obras e o alcalde dicindo que non, que primeiro había que fixar as cantidades, quen tiña razón?. A tiñan todos os que estaban na Comisión, que dixemos que non se podía propoñer obras por 800.000 euros cando só se vai dispoñer de 300.000 euros. O alcalde dixo na prensa, como se fose un cativo, que el chora pola área de San Valentín e outros choran por unhas pistas de padel, que tontería é iso? é serio?. Penso que nas primeiras reunións que houbo establecéronse ben claro as prioridades que había, e as prioridades, cando menos por parte do meu grupo, foron: se hai unha depuradora funcionando e estase pagando unha depuradora en Ares que está a recoller todos os residuos dos tres concellos, o mellor é completar a rede de saneamento, pois a xente quere ter rede de saneamento e faltan bastantes zonas. Isto é unha prioridade importante. Para o meu grupo a prioridade é esta, saneamento, pistas e instalacións deportivas, porque dentro destes 775.000 euros van cartos do que serían as subvencións de instalacións deportivas, polo tanto se se empeñan en manter, precisamente, todas aquelas liñas de subvención que había antes e que agora están aquí, e preocúpense de apartar os cartos para que estas actividades e estas actuacións se sigan realizando, tamén entran as instalacións deportivas. Sobre o por que damos prioridade a unha instalación deportiva é porque, primeiro, é novidosa, ten un gran número de afeccionados e practicantes e porque hai un campo de fútbol artificial, que na lexislatura pasada conseguíuse un investimento de 380.000 euros en Maniños, hai un campo de fútbol en Perlío no que tamén se investiron moitos euros, unha piscina municipal en Perlío, un pavillón en San Valentín, un paseo marítimo en San Valentín e un pavillón en Barallobre. Fene é a parroquia con máis poboación que ten unha pista polideportiva que non lle chega nin aos pes á de Sillobre ou á de Magalofes, e nada máis. Se se pode dotar dunha instalación moderna ao Concello, coa que se facilite a práctica deste novo deporte que ten moitos adeptos, polo seu partido que non sexa. Pódese dicir que esta instalación ten moito mantemento pero terá moito menos mantemento que pode ter o campo de fútbol, ou a área recreativa, ou os xardíns que hai en San Valentín, que tamén teñen o seu mantemento, pero para iso está o Concello aquí, que é quen ten que mirar por todas as parroquias como reflexa este listado de obras que hoxe se presentan aquí. Pídlle ao goberno que abra a mente, que dialogue, que se poñan de acordo, que falen o que teñan que falar, que prioricen o que teñan que priorizar e pídlle que lle dean adiante ao POS+, que se chegue ao día 24 e non pase como a subvención de Medio Ambiente que non entrou e non foi por un erro informático, senón pola falla de dilixencia do goberno.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal Somos Fene, César Daniel Castro García, que di:

Non quero estenderme coa falta de diálogo do goberno coa oposición, coas dilacións nas xuntanzas, coa falta de confrontación de posicionamentos, coas manipulacións na prensa e as convocatorias ex tempore que non dan tempo a tomar unha decisión para poder asistir a esas convocatorias de xuntanzas. Somos Fene participa co resto da oposición nesta moción cos seguintes criterios á hora de facer as obras do POS+. É unha prioridade atender aos servizos básicos de auga, saneamento e a evitación de vertidos na ría. Tamén hai que ter en conta a equidade entre parroquias na medida do posible e atender en especial ás parroquias rurais, Barallobre, Sillobre, Magalofes e Limodre, que tamén son de Fene e que o goberno esquecía na súa proposta. Ante estas cuestións non vou entrar na conveniencia argumental ou non para defender unha instalación deportiva que, para o meu grupo, é unha proposta dunha sociedade deportiva da parroquia de Fene que, motivada pola falta de infraestruturas nesta parroquia e como hai moitos adeptos deste deporte en Fene, paréceme entrar

nun debate que non ten moito sentido. Ante isto, é necesario aprobar esta moción, presentada polos tres grupos da oposición, que esperamos que a súa realización sexa vinculante para este goberno, segundo a orde de prioridades que marca. Aínda así, segundo xa manifestou algún compañeiro anteriormente, o meu grupo está aberto a algunha matización ou algún aspecto que sexa negociable.

Seguidamente intervén a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di:

Quero facer unha pregunta, se esta moción que ten un listado de obras que veñen numeradas, veñen ordenadas por prioridades para os tres grupos que a presentan?.

Contéstalle o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que así é.

Prosegue a dicir a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, o seguinte:

Explicarei o motivo polo que EU votou en contra da urxencia e para iso farei referencia ao dito polo voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que lamentaba que neste Concello se rompan as tradicións. Cando entrei aquí, hai cinco anos, toda a Corporación díxome, igual que algún compañeiro de EU que tamén estivera no Concello, que por deferencia ou cortesía só se traían ao Pleno as mocións de urxencia que eran estritamente urxentes, sen dicir que esta sexa máis ou menos. Respecto da moción, cando se fala de problemas para asistir as reunións por traballo e demais, pola parte que me toca, levo aquí cinco anos e sempre estiven soa, e se non puidera atender ó Concello non podería comprometerme cos veciños, así eu estou soa e vou a todas as Comisións, Plenos e demais reunións, por iso resúltame incomprendible que grupos que teñen sete, tres ou dous concelleiros sempre teñan problemas para asistir. Estiven aquí e tratei de cumprir, só faltei a Comisións por un período debido a unha enfermidade grave que aconteceu na miña casa. En segundo lugar, o voceiro do grupo municipal Socialista dixo que vén discutir as necesidades dos veciños e veciñas de Fene, o cal paréceme perfecto e penso que todos estamos de acordo, pero gustaríame saber se calquera dos tres grupos que presentan a moción fixo un estudo ou unha consulta, especialmente o grupo de Somos Fene ao que sempre se lle encheu a boca respecto da participación cidadá, por iso quero saber se algún fixo un estudo que lles dea a certeza de que o padel é unha prioridade para os veciños de Fene, por enriba de saneamentos, gabias, obras ou servizos sociais. Se o padel é unha prioridade, terían moito que discutir. Os doce concelleiros puxéronse de acordo para traer propostas e non saben ben o moito que me gusta escoitar dicir isto, que pena que cando estaban tres grupos na oposición, que eran de esquerdas, aínda que logo se dixo que non todos eran de esquerdas, non tivesen tanto empeño en poñer de acordo para traer propostas e cousas ao Concello en favor dos veciños. Estou vendo que aquí hai problemas para asistir ás reunións convocadas dende o Concello pero non hai problemas para verse entre os grupos da oposición para facer esta oposición tan construtiva que veñen facendo. O voceiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, falou de datas e outras cousas pero lémbrolle que cando gobernou o partido Popular, díxonos moitas veces e votounos en cara que chamaba á oposición e que nos mandaba as cousas pero nunca lle propoñíamos nada. Agora, sen embargo, di que as propostas teñen que vir do goberno, pídlle que se aclare. Cantas veces temos chegado a un Pleno, a unha Comisión ou a unha Xunta de Voceiros e preguntarlle porque estaban a saber o que acontecía no Concello pola prensa e sempre nos contestou o mesmo, que era a prensa, que el non falaba con eles pero publicaban as cousas pola súa conta, por iso non sei o que está a votar en cara agora. Falou de prioridades, algo co que está de acordo con el, rede de sumidoiros e saneamentos agora que hai depuradora, pero faime gracia que diga isto cando o día que se reuniron na Xunta de Voceiros colleu a lista das obras e o primeiro que dixo foi que a fase de saneamento de Magalofes a quería reducir á metade porque costaba moitos cartos, e que era mellor facela en dúas fases. Rogo ao alcalde que faga o favor de convocar as Xuntas de Voceiros dun xeito oficial e que queden gravadas. Vostede -dille ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal-, como veciño de Magalofes, igual que eu como veciña de Sillobre, se mañá me propoñen todos os saneamentos, de arriba a abaixo, da miña parroquia aplaudo coas orellas, sen embargo vostede tivo o atrevemento de dicir, que por favor o deixen na metade, porque son moitos cartos e pediu gastalos en dúas fases, é máis, fixo un debuxo, que está enriba da mesa da alcaldía. Se o padel é unha actividade novidosa ou se é ultimamente o deporte de moda non o discuto, nin tampouco se ten un gran número de afeccionados, pero pregúntolle a calquera dos tres grupos que presentan a

moción se lle poden dicir cantas persoas demandan unhas pistas de padel?, fíxose un estudo para priorizar esta necesidade?, sen falar do tema da entidade privada, ten máis prioridade o padel que un saneamento ou un proxecto de auga?. Cando me falan de abrir a mente doume conta que o colexio de Centieiras é o único colexio que non ten unha pista cuberta. Non sería máis prioritario cubrir esta pista, que é un colexio público, e non facer unhas pistas de padel nunha entidade privada?. Faime gracia, cando se fala das convocatorias e neste caso miro ao grupo Somos Fene, que non collen o teléfono, non contestan os correos, non concretan e non veñen, como se atreven a vir aquí a votarlle en cara ao goberno o tema das convocatorias cando non veñen nunca?. Somos Fene tamén falou da equidade entre parroquias e penso que é a primeira vez que estou de acordo con eles pero, por favor, que sexa no público.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di:

Pídlles aos grupos que presentan a moción que sería interesante que fixeran o favor, tanto para os que están aquí e que non tiveron nin tempo de lela, porque acábase de presentar agora ao principio da sesión, tanto para a xente que está aquí no Pleno, como seguro que para algúns dos concelleiros dos grupos que a presentan, que está seguro que tampouco a leron todos, logo de tanto debate, que por educación ou transparencia, lean a moción. Se pensan que non é oportuno non teño ningún problema en lela eu.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di:

Xa que o alcalde ten interese en que se lea a proposta e vai quedar máis na memoria cada unha das propostas que se fan, lerei a proposta. Reúne todas e cada unha das propostas que fixo o BNG e que lle entregaron por escrito, todas as que fixo o partido Socialista, as que fixo o partido Popular e as que fixo Somos Fene, por tanto están todas. A continuación procede á lectura da moción.

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde que di:

Estou encantado que por primeira vez, logo de dous meses, veñan vostedes con algo por escrito ante este goberno. Hai algo que quero deixar claro, hoxe hai dúas mocións de urxencia e, sen levar tanto tempo no Concello como levan outros membros da Corporación, a tradición que había neste Concello era que os asuntos que viñan por urxencia tiñan que estar presentados dende o día anterior como todos saben, pero vostedes saltáanse calquera tipo de legalidade e decencia e preséntanos sempre no mesmo momento do Pleno, co cal, calquera cousas destas, nas que se podería chegar a acordos, mesmo onte, non o fan e é máis bonito vir facer aquí esta representación. Aquí hai un problema, en primeiro lugar comezo a estar canso con todos os problemas que teñen os concelleiros para vir as reunións que hai no Concello, cando veñen ao cargo todos e todas coñecen que obrigas teñen, exactamente igual que nos pode ocorrer, como pasou esta mesma semana cando un representante da Xunta chamoume ás 10.00 ou as 11.00 h para anunciar que as 12.00 ía facer unha visita en tal sitio, o cal vin oportuno notificarlo aos grupos municipais para que todos tivesen constancia, porque cando é por teléfono igual non queda tal constancia, e dende hai tempo vense facendo vía correo electrónico, exactamente igual para todas as convocatorias. Sobre o dito relativo ao POS están mentindo, e aquí hai xente que o sabe, porque no seu teléfono ten o rexistro das chamadas, tres ou catro, correos electrónicos e whatsapp que lles enviei aos voceiros deste Concello nas últimas 48 horas, e unha vez lidos, os correos e os whatsapp, non devolveron ningunha chamada. O concelleiro do grupo municipal Somos Fene que hoxe fixo de voceiro, César Daniel Castro García, levo tres días intentando poñerme en contacto con el mediante chamadas telefónicas, whatsapp e correos electrónicos, fixo unha deixación total das súas funcións, pois cando o chaman das institucións nas que representa ao Concello de Fene, como pasou esta semana, contestoulles que non tiña nada que ver co Concello de Fene, por iso lémbrolle que está nomeado representante deste Concello por este Pleno nalgúns organismos ao que vostede, aínda que non estea no goberno, segue obrigado a contestar e cando intentei chamalo para falarlle dos asuntos destes órganos, do Pleno ou do POS non me colleu o teléfono, e así levo 72 horas intentando poñerme en contacto con algún concelleiro de Somos Fene para falar destes temas e non me deron ningunha resposta. Respecto doutros grupos, non estou aquí para darlle ningún parabén ao partido Popular, pero cando quedamos o luns desta semana en vernos o mércores para ver se podíamos ter as cousas, o voceiro do grupo municipal Popular o mércores estaba no Concello. Avisei o martes as 15.00 h aos demais

voceiros, pero ao mellor para falar disto ben podería vir outro concelleiro, porque semella que aquí algún non solta o posto nin con auga fervendo e para falar dunhas obras, que se supón que xa teñen falado nos grupos, o normal sería que puidese vir calquera para poder seguir avanzando. A moción esquece tamén citar que o día trinta houbo outra reunión na que se avanzaron cousas, na que o goberno lle deu á oposición unha pequena relación de obras e que se lles achegou por escrito na Comisión da semana anterior unha relación de vinte obras. Tamén esquece que o voceiro do grupo municipal Socialista, en reunións do mes de decembro comprometeuse con el a pasarlle unha relación na semana de reis ou o luns seguinte, e a devandita relación achegoulla a semana pasada. Estráñame que ninguén lembre que reunime con cada un dos voceiros para falar dos orzamentos e do POS no mes de decembro. Naquelas reunións de decembro houbo funcionarios deste Concello para aclarar como viña o POS e que lles explicaron todas as partidas que incluía o plan. Como alcalde, penso que están intentando entorpecer, día tras día, cada un que faga a oposición que crea oportuno á labor do goberno. Se como oposición pensan que isto que están facendo é mais importante que o benestar dos veciños e veciñas de Fene é un problema seu e supón que logo verán as consecuencias, xa que loxicamente non ten moito sentido. Na Comisión pasada pasóuselles por escrito unha relación con vinte actuacións xunto cos honorarios, e o seguinte luns, o goberno entregoulles unha folla cunha relación e unhas valoracións estimadas das actuacións que se propoñían que se valoraron aproximadamente 1.312.000 euros. Falouse que se podían facer en obras sobre 600.000 euros, que a Deputación establece que hai que incrementar como mínimo un 20% esas actuacións para posibles baixas ou posibles incorporacións de remanente da Deputación que virán ao longo do ano, polo tanto deben propoñer obras por importe de 800.000 euros, a sabendas de que non van entrar todas, o cal penso que todos o temos claro. Ao día seguinte o voceiro do grupo municipal Socialista envioume unha relación por correo electrónico, o martes avisou de que o mércores habería esa reunión sobre as 14.30 h, dos que algúns aínda non dixeron nada, e o mércores fíxose unha relación de dez obras que suman algo máis de 800.000 euros, que espera que non esquecerá o voceiro do grupo municipal Popular, e que pasa a ler: 1. Saneamento do Carril. 2. Saneamento no Camiño Regueiro, Sillobre. 3. Saneamento no Feal, Magalofes. 4. Conexión de redes en San Valentín. 5. Rego asfáltico na rúa Unión, Souto Vello, Maniños. Rego asfáltico no Camiño de Mundín. 6. Reforzamentos das marxes do río Cádavo en Perlío e Fene. 7. Aglomerado da rúa Alta, Perlío. 8. Beirarrúas na Avda. Naturais. 9. Área recreativa en San Valentín e 10. Tubaxe da auga e reforzo do río Cádavo, Perlío. Destas dez actuacións que hai aquí anotadas, sete son coincidentes coa proposta que presentan.

De seguido intervén o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que son catro.

A continuación prosegue o alcalde que di:

Como é tan insistente e teimudo, paso a lelas. A súa relación de obras é a seguinte: Eliminación de verteduras no Carril, que coincide; Separativas de pluviais e fecais en Tellerías, Regueiro e separativa en San Valentín, que coincide; Sanamento de augas fecais por gravidade no Feal, que coincide; Saneamento de augas fecais no camiño do Regueiro, que coincide; Reforzo do firme e rego asfáltico no camiño de Mundín, que coincide; Mellora da beirarrúas na Avda. Naturais, que coincide; Rego asfáltico no camiño de Souto Vello tamén coincide. Sete de dez son coincidentes e do resto penso que tamén poden coincidir. Se miran estas actuacións verán que coinciden coas demandas que fai neste caso tamén o partido Popular e tamén Somos Fene, pois a parte máis importante desas dez actuacións son saneamentos, a máis importante en San Valentín polos problemas que hai de vertidos á ría, é dicir, hai saneamentos en Sillobre, Magalofes, San Valentín e son as actuacións máis caras ou a porcentaxe de actuación máis importante. Penso que cumprimos co que vostedes puxeron enriba da mesa e a única cousa na que houbo discrepancias foi, e así o dixeron os tres grupos, que o POS non saía adiante se non ían as tres pistas de padel do CMI e penso que non o negarán.

De seguido intervén o voceiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que algo máis tamén se dixo.

Prosegue a dicir o alcalde que:

O Partido Popular díxome que é un compromiso de cando era alcalde e entendo a súa postura. De todo isto que hai aquí ten poucos problemas, pero outra cousa é o que se pretende con esta moción,

unha moción na que establecen trinta actuacións, ao mellor por dous ou tres millóns de euros, que todos vostedes saben que son inviables, quédase ben con todo o mundo cando se sabe que se está a mentirlles aos veciños, pois non se pode facer todo isto, o que penso que todos teñen claro. Dáme moita rabia que semella que en política todo vale. Está seguro que todos saben que semella que agora a discrepancia está nas pistas de padel e non sabe se leron todas as súas declaracións, sen atender aos resumes que hai por aí, pero non estou en contra das pistas de padel en ningún sitio, só falei de preferencias e hoxe en día penso que non é preferente, o que non quere dicir que se poida facer para o ano que vén ou o outro máis, pero agora mesmo hai cousas máis importantes en instalacións deportivas deste Concello, que están en peor estado e que son públicas, por iso deben ter preferencia e son obras que se poden facer, porque o que vostedes están intentando vender, neste caso a unha Sociedade do Concello, é fume, porque saben perfectamente que é inviable porque saben que é imposible que a cesión dos terreos estea feita con todas as súas connotacións, antes do 24.02.2017, que é cando temos que ter presentado o POS na Deputación. A única cousa que nos separou nas reunións que tivemos foi esta, porque hoxe non é posible facelo ou non é prioritario. Isto tamén llo dixen á directiva da asociación, á que lle dixemos que non o víamos prioritario para este ano. Dígollo á cara aos veciños, pero non quedamos ben con todo o mundo para logo votarse as mans á cabeza e dicir que non entrou porque o goberno non quixo. O goberno xa ten encargadas as valoracións, memorias e proxectos, segundo se dixo nas reunións anteriores, para poder ir avanzando e todos saben que a estas alturas os proxectos teñen que estar encargados, porque se seguimos esperando a que vostedes nos digan o que queren facer chegaríase ao día 24 e non teríamos unha proposta por escrito, se vostedes queren incluír algunha destas obras, por suposto, pídesse e inclúese, e logo verase se hai os permisos, os terreos e demais requisitos. O que non quere o goberno é andar pasando riscos por culpa dunha actuación, que por culpa dunha actuación se poida caer o POS e se poidan caer todas as obras. Hai algún aquí que semella que quere xogar no fio da navalla haber se hai sorte e se perden os cartos, pero se isto pasa non os perderá este goberno, perderaos os veciños e veciñas de Fene. Por prexudicar ao goberno non pensen que se van ir de "rositas" e, se se perden estes cartos, o goberno terá que xestionar o que se poida facer. Destas dez propostas que se fixeron e nas que xa fomos avanzando, que nun principio coinciden coas súas peticións, porque non pedimos orzamento ou proxectos de cousas que non coincidiran coas súas peticións, é dicir, pedimos valoracións segundo a relación xa feita, e que se continúa cara adiante vai dar tempo a facelo. Se agora se cambian máis da metade dos proxectos... queren prescindir do saneamento do Carril que era imprescindible?, porque este foi o primeiro que puxeron aínda que non ía na relación do goberno. Todos están de acordo co saneamento do Carril?, co saneamento do camiño do Regueiro?, co saneamento do Feal?. Están de acordo con estes saneamentos?. Para sacar algo en limpo, porque cando comecen mirar todas estas relacións e se chegue a algunha das actuacións que venderon por aí e lles digan que non se pode facer, porque non dá tempo, daquela a culpa será do goberno, que é o que pretenden, poñer imposibles polo medio para dicir que a culpa é do goberno, alá vostedes e as súas responsabilidades. O goberno comprometeuse nas reunións anteriores a que as peticións que se fixeran estiveran aquí incluídas, como así están. Se pensan agora cambialas, como se pensan en cambialas dentro dunha semana, todos sabemos que non hai moita marxe de manobra e os proxectos que se pediron están incluídos na relación de dez obras que se dixo, sete de dez das que pediu o PSOE por correo electrónico, e que xa pasan de 800.000 euros. Pensan que é viable facer estas 30 actuacións?.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, que dille ao alcalde que non se entera de nada, que a moción di claramente ata onde se chegue pero vostede non quere entender nada.

Prosegue a dicir o alcalde que:

Si que quero entender, pero vostedes entenderán que metendo hoxe trinta actuacións, que saben que non van chegar, o que están é intentando venderllas a todo o mundo e querendo quedar ben con todo o mundo, pero as veces hai que tomar decisións. Están enganando a algunha xente dicíndolle cousas que hoxe por hoxe son imposibles. Da relación das actuacións que hai, a oposición disporá dos proxectos cando veñan, se hai que pedir algún máis pedirase, pero todos saben que algunha actuación poderá, como pasou sempre, non entrar por falla de permisos ou outra cuestión. Todos saben que o que está pedido son proxectos que coinciden cun 90%, segundo as súas peticións, segundo a relación que enviou o voceiro do partido Socialista hai días. Se no seu día se

pasou aquela relación non entendo moi ben porque se pasa agora esta outra relación. Nos imos abster, porque cremos que o traballo está feito e avanzado, e non entendo moi ben a que vén isto. Lembren que dende o mes de decembro houbo reunións, non só dos grupos políticos, por este asunto.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di:

O meu partido xa sabía que co POS íamos ter que facer un "trágame", porque non é normal que a Deputación aprobe o 29.11.2016 este POS+ e a primeira nova que teña a oposición do goberno sexa o 24.01.2017 o cal é innegable. É certo que foi aprobado nesa data, que Intervención explicoulles as bases do POS e é certo que houbo algunha reunión, non moitas. Cando vostede nos dixo que achegáramos propostas de obras para o POS, díxelle ao goberno que debía chegar primeiro unha relación porque quen palpa máis directamente as necesidades máis urxentes que se poden ter que realizar no Concello é o goberno, e tan axiña como o alcalde lle pasase a relación, logo miraríamos o que o meu grupo quere e se se pode engadir algo.

Seguidamente intervén o alcalde que lembra que o voceiro do grupo municipal Popular lle dixo que vía como imprescindibles os saneamentos, cousa que confirma Gumersindo Pedro Galego Feal.

Prosegue a dicir o voceiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di:

O meu grupo non soubo nada máis ata a Comisión, e a miña sorpresa foi que chegamos á Comisión e aínda levamos unha "bronca" por parte do concelleiro de Urbanismo, que nos dixo que alí se ía propoñer obras e que el, da determinación das cantidades para as partidas necesarias para cubrir, non sabía nada. Logo ao día seguinte, logo da reunión da Comisión de Persoal o alcalde dixo que xa tiña as cantidades e fíxese no tempo que pasou dende a reunión do 29.11.2016 ata o 24, 25 e 26.01.2017. As cantidades que se dixeron foron: créditos, 14.000 euros; subvencións para cubrir aquelas subvencións que agora desaparecen, 105.000 euros; facturas pendentes, é posible que agora non quede ningunha. Determinadas estas cantidades o goberno propuxo estas obras e nos propuxemos obras, como Bloques de San Valentín, Conexión do colector, Auga para a Porta do Sol, Pistas de padel, Saneamento no Feal e na zona de Bullo, Eliminar os Vertidos do Carril, Regos Asfáltico da rúa Unión, Camiño da Fonte en Limodre, Camiño pequeno do Campo de Fútbol do Ramo, Galiña Azul, Parques de Perlío, Parques Infantís, propúxose un novo tratamento da Praza Verde por parte de Somos Fene e díxose que iso xa o fará o Concello e eu apuntei que non había que esquecer que queda o último tramo das beiravías de Perlío. Logo daquela reunión, na que só estaba eu da oposición, o alcalde díxome que Carril, Regueiro, Feal, Rede de San Valentín, rúa Unión e camiño de Mundín, e engadiu Cádavo, rúa Alta, Naturais, Área de Servizo en San Valentín, río Porto e río Cádavo. Díxelle que considero prioritario o saneamento pero tamén, como considero que se achegaron estes cartos para suplir as subvencións que agora non veñen, tamén considero que se deben dedicar uns cartos a unha instalación deportiva e, segundo o compromiso que tivemos cunha Sociedade, propuxen as pistas de padel, pero a súa concelleira, que tamén estaba alí dixo que o seu grupo tamén tiñan o compromiso da área de San Valentín co CPS.

A continuación intervén a concelleira delegada de Obras e Servizos, Alejandra Permuy Meizoso, que di que non tivo ningún compromiso co CPS senón cos veciños e veciñas de San Valentín.

Prosegue a dicir o voceiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal,:

Corrijo o dito do CPS e admito cos veciños e veciñas de San Valentín. Tamén lles dixen que ese era un compromiso deste goberno e o outro foi un compromiso do meu goberno. Así quedou o tema, unha área de servizo de San Valentín non a vexo e as beirarrúas na avenida Naturais tampouco as vexo, pero si contemplaría unha actuación de punta a punta como se fixo en Marqués de Figueroa, aínda que vaia por fases. Isto si que me parece razoable. Ese foi o punto no que se quedou e non houbo nada máis. Agora postas as cousas no seu sitio, voulle explicar á concelleira María Carmen Martínez Rodríguez a razón pola que eu dixen o da rede de saneamento de Magalofes, porque non se pode ser tan insidiosa, por unha razón, porque cando se fala de cousas que non se coñece se mete a pata, coñecía o avance do proxecto que había para Magalofes?. Non o coñecía e non se interesou nunca por el, máis estaba como concelleira cando se fixeron as memorias desta rede. Ese proxecto

leva dúas fases que xuntas practicamente poden absorber a terceira parte do POS, e como eu fun alcalde, e sei como é de complicado repartir as cousas e para facilitar que se fixeran as obras do Carril, que perdeu o goberno do que vostede forma parte, aqueles 40.000 euros do Plan de Medio Ambiente. Por iso fixen esta proposta para facilitar o saneamento no Carril, o saneamento nos Regueiros e máis a separativa de San Valentín para eliminar os vertidos á ría, e o de Magalofes, se non se fai nun ano farase en dous e non pasará nada. Non me doe a lingua en dicilo porque os meus veciños saben que o que digo é así e o comprenden perfectamente, pero como isto vostede non o sabe váiselle a lingua en votar, sinxelamente, o que vota, para tratar que os meus veciños se enfaden comigo, pero iso non vai pasar porque a xente de Magalofes ao mellor é mais razoable e comprende que cando se está aí hai que saber repartir, por iso non se preocupe por min. Lémbrolle que aquí cando se viña ás reunións do POS cando gobernaba, había un listado de obras ao que se lle ía dando preferencia e os voceiros pedían obras. Logo pedíanse as correspondentes memorias e valoracións, e algún voceiro, logo de pedir as súas obras, aínda veu ao Pleno e non aprobou a relación do POS, cousa que o partido Popular nunca na vida, agás na aberración que se fixo baixo a autoestrada, nunca votou en contra dunha obra. Lembro que tamén se votou en contra das obras que tiña o goberno do PP con cargo ao remanente do 2014, dos aglomerados rurais e urbanos. Respecto das mocións urxentes pregúntolle ao alcalde, non se lembra, cando estaba na oposición, que presentaba mocións urxentes o mesmo día do Pleno?.

Contéstalle o alcalde que cree lembrar que se presentaron unha ou dúas mocións urxente en catro anos.

Prosegue a dicir o voceiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, que:

Vostedes nunca votaron a favor do POS que presentou o PP, pese a que propoñían obras e agora quéixanse. Respecto de cantos usuarios haberá das pistas de padel de Fene pregúntolle á concelleira de Servizos Sociais, cantos usuarios terá ao final de ano en Servizos Sociais?, sábeo o haille que facer un informe?, pois o mesmo que o do padel.

De seguido fai uso da palabra o alcalde que se queixa pola comparación de Servizos Sociais co padel.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que semella que o conto non é igual cando se está nun lado ou noutro. A voceira do grupo mixto dixo de facer un estudo e el engade, ou un master se lle parece.

A continuación intervén a concelleira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que dille ao voceiro do grupo municipal Socialista que logo se queixa das súas fallas de respecto.

Prosegue a dicir o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que:

A cada quen haille que contestar como se merece, nin máis nin menos. Respecto dos estudos, si que houbo quen fixo un estudo, eu paseime parte do mes de marzo, o mes de abril, maio e parte do de xuño pateando todas as parroquias de Fene, quedando con todas as sociedades, quedando cos veciños que chamaban, aos que lle recollín os datos para facer un estudo dun mapa de necesidades para o Concello. Ese estudo si está feito. Sobre si se recolleron as demandas veciñais, si está feito, que vostede isto non o fixo e o goberno no que está agora tampouco, que o que fixo este goberno foi recoller labazada por aquí e por alá e punto. En todo caso, lémbrolle que hai algo que, dos primeiros procesos participativos para definir as obras, todos quedamos de acordo en que había que abrir a segunda porta, que era insuficiente a consulta coas sociedades e que había que abrírlle a porta á xente, pois as veces non era igual consultar ás sociedade que á xente, se fixo esa consulta?. O que pasa é que non lles interesa o proceso de participación e sábeo porque nalgún momento, negociando cun candidato do BNG as áreas de goberno, que foi concelleiro aquí e que xa non o é, dixémoslles que nos interesaba levar participación cidadá, e el respondeunos que que non tiña ningún problema e díxonos que iso pa nós, porque había cousas nas que non cría. Evidentemente isto vese hoxe en día, ao BNG a única participación que lle interesa é cando se reúne cos membros do seu partido, pero eu si creo na participación, en falar coa xente, en preguntarlle e consualarlle as Sociedades primeiro e logo á xente. O actual goberno non fixo isto porque pretendía facer un trato. Acaba de dar unha contestación que me sorprende respecto das parroquias e do público -dille á concelleira do grupo Mixto municipal, María Carmen Rodríguez Martínez-. Os campos de fútbol

fixéronse en solo de titularidade pública ou non?, Foron cesións das Sociedades?, Foron máis de 600.000 euros investidos en terreos cedidos por Sociedades privadas?. Ten un sentido público que xa lle gustaría a algúns aquí ter, eu son defensor de que este tipo de cousas se sigan facendo, que haxa sinerxías entre a iniciativa social e pública, que débese seguir afondando nese camiño, especialmente en Fene onde hai un patrimonio impresionante e que me parece mentira que non o defenda. Pódome equivocar á hora de facer as propostas, podrán estar igual de informados que eu, pero non máis informados por ter pateado e percorrido nestes últimos dous anos as parroquias e lugares de Fene. Igual antes houbo xente que o fixera máis, pero neste época non é certo que o fixera ninguén do goberno. O alcalde cada vez sorpréndeme máis e agradézolle que recoñeza neste Pleno que tomou unha decisión xa hai tempo, decidiu encargarse os proxectos e o que pretende é, falando co resto dos grupos, que agora lle coincida co que pensan todos. O de consensuar e negociar non vai así, vai de que cada un fai as súas propostas e logo decídense as prioridades. De momento o voceiro do grupo municipal Socialista son eu, gústelle ou non, e con quen ten que falar en Fene é comigo, aínda que xa sabe que non lle gusta e quere falar con outros, pero de momento tense que aguantar, pois de momento no grupo Socialista o voceiro o escolle o grupo Socialista e como ata o de agora todo o meu grupo está de acordo en que o sexa eu, vostede terase que aguantar, por tanto vostede tenme que chamar e, se non o fai, votareillo en cara. Sacou datos do seu whatsapp, non teño problema en sacar o whatsapp, incluso en sacar os que vostede me enviou porque non son tantos, onte recibín un e o anterior foi do 29.12.2016.

A continuación o alcalde dille que comprobe tamén o correo electrónico.

Prosegue a dicir o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que:

Si, no último mes teño tres correos seus e tamén é certo que non sempre lle contesta. Vostede critica a outros se lle responden ou non e eu niso non me meto porque non o sei, pero si sei o que fai o alcalde, que acostuma a non contestar, a non chamar, a non consensuar nin preguntarlle á xente cando se pode quedar para traballar, pero isto non o sei de agora dos últimos seis meses, seino dos últimos dous anos porque sempre foi igual, dende o principio. Non sei o que se fixo na reunión de onte porque non asistín, asistiron tres forzas políticas, dúas do goberno e o partido Popular, que por certo, dixerónme que como na reunión anterior a voceira de EU marchou á metade da reunión, cousas desta voceira que entra e sae das xuntanzas cando quere, cando estanse discutindo case que un millón de euros para Fene. Volvendo a proposta que presentamos agora, non se alarmen tanto, a primeira é compartida, e o PP tamén a comparte. Compartimos a cuarta a quinta e a décima proposta. A proposta sétima e oitava a compartían cando estábamos xuntos no goberno e hoxe debe ser que xa non. Respecto da proposta número once non teño constancia de que a compartía o goberno e é a única intervención que fixo un grupo político para a parroquia de Limodre. Igual o alcalde quere dicirlle aos veciños de Limodre que non vai propoñer nada para esa parroquia. A proposta seis, xa estaban de acordo cando gobernaban xuntos, e disto hai seis meses, estaban de acordo en que había que facela xa, aínda que fose con recursos propios, pero debe ser que o seu criterio cambia co vento. Que problema ten con esta proposta?. O alcalde dixo que estábamos a vender fume e non é tal, fixemos as propostas con seriedade. Cando me presentei de candidato á alcaldía fun ás Sociedades e cando me pediron cousas, algunhas comprometinme a defendelas e outras non. O que non pode é ir en campaña ás Sociedades de Fene e prometer unha cousa e logo chegar ao goberno e non defendela, así defendín esa intervención cando compartín o goberno e a sego a defender agora, porque penso que é unha demanda xusta. Prioridades hai moitas, pero esa tamén é unha necesidade e tamén unha demanda e por iso gustárame que se contemplara. O meu grupo non vén discutir do padel nin da área recreativa, porque na miña proposta, que compartimos con Somos Fene e o grupo Popular, hai trinta posibles ideas e delas a inmensa maioría son propostas de saneamentos, de servizos ou de camiños, que supoñen máis do oitenta por cento. Tamén incluímos na proposta algo do que tamén se esqueceu o goberno, porque había un proxecto de normalizar a situación dos parques infantís do Concello e o proxecto do goberno para este ano era cero. Os seus compromisos de palabra -dille ao alcalde-, sen que os poña nun papel a estas alturas, para min teñen a credibilidade xusta. O que ten o alcalde aquí por primeira vez é unha proposta ordenada con trinta actuacións, non como fixo o alcalde que propuxo trinta e non se podían facer nin a metade. Lembro que cada vez que preparaban proxectos de obras preparaban as prioridades e as súas reservas, para o caso de se "columpiar", saber que había proxectos que igual podían caerse por calquera motivo, había proxectos alternativos tramitándose paralelamente por eses mesmos cartos, para que se no último momento fallaba algo houbese substitución. Por tanto, non se pode traballar

co risco de que falle algo antes de finais deste mes, hai que traballar con seriedade e rigorosidade. Non vendemos fume, xa estivemos hai uns días na Sociedade para a que se propón o padel, falamos con eles con sinceridade e preguntámoslles como estaba o "papeleo", como tiñan as decisións tomadas dos seus órganos directivos e non enganamos a ninguén, eles saben perfectamente que se teñen a documentación preparada no tempo no que a teñen que ter poderase preparar, e se non a teñen será un proxecto que terá que ser substituído por outro. Non vimos a este debate con vetos, non vetamos ningunha obra porque todas parécennos importantes, as que están aquí e unhas cantas máis, pero aquí trátase de decidir as que se van meter no POS+. Non volva saír á prensa -dille ao alcalde- pedindo que se desculpen por esta ou aquela obra, ten outras ferramentas, pode presentarnos uns orzamentos que teñan presuposto no capítulo de obras e que o Concello faga investimento cos seus cartos e non só cos cartos doutros, pode ir á Deputación, porque van seguir habendo subvencións nominativas, que vostede dende o goberno pode decidir cal quere e a oposición non pinta nada, porque vostede non nos chamará igual que non o fixo a última vez que foi consensuar unha obra, o cal é unha pena, porque se nos houbese chamado, cando menos houbese tido o noso apoio, porque ademais foi meter unha obra na que estaba traballando eu, pero non chama e como non ten porque chamar non o fai. Por tanto non diga que hai que escoller hoxe aquí, iso é mentira, o alcalde ten outras ferramentas. Nas únicas subvencións que a oposición ten algo que dicir son estas e o alcalde ten case que outros tantos cartos para tomar decisións, entre os que pode poñer nos orzamentos e o que poida captar doutras administracións públicas. Se quere que se retiren algunhas propostas é doado, podemos falar de cales son unhas prioridades e cales son outras, asina por escrito de que o que non se meta nesta subvención vainas presentar noutras nas que non teñen capacidade de decidir e igual chegan a acordos, pero vostede non quere aprobar, tomou unha decisión hai semanas, encargou os proxectos e xa os están facendo. Non fixo o debate ata o de agora para ter a desculpa de que non hai tempo a facer os proxectos, é xustísimo pero si hai tempo, e a proposta está enriba da mesa e votárase. Se chegamos a un Pleno no que as obras do POS+ non se corresponden co que decidiu esta Corporación e hai dificultades para sacalo adiante a responsabilidade será unicamente súa e das súas "cabezonerías" e caprichos, e isto xa o coñezo dos trece meses que compartín no goberno. Para isto non conte comigo, pois o meu grupo está para saber que necesidades hai en cada parroquia e poñerlles solución, falar con quen sexa para buscar acordos e consensos para ir mellorando este pobo, pero a vostede interésalle unicamente o seu capricho, así cousas como que non lle gusto eu para que fale polo PSOE, que chama e fala con quen llo colla do meu partido, porque como non quere falar comigo..., iso non vai cambiar porque vostede queira porque non pode decidilo como tampouco pode decidir as obras que vostede queira poñer.

De seguido intervén o alcalde que pídelle ao voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que se centre no POS.

Prosegue a dicirlle o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, :

O alcalde terá que poñer as obras que decida esta Corporación e vostede teranas que executar. Do traballo que se faga, do que non se faga ou do que na acción de goberno poida ou non boicotear o que aquí se decida será responsable unicamente o alcalde. Hai un consenso maioritario do Pleno de cales son as necesidades, coñecen cales son os mecanismos para tramitar estas obras, son conscientes de todos e cada un dos riscos e non pense que na tramitación nos pode enganar. Rógolle que por unha vez se comporte cun mínimo de lealdade porque non van permitir que isto saia doutro xeito. Preséntase unha proposta na que tanto nas obras de cabeza como nas da cola está impregnada de propostas do partido e da organización do alcalde, por tanto unha proposta que é asumible por todos e todas. Pídolle que se sume á maioría do Pleno, porque en boa parte son tamén as obras que vostede propuxo. Dentro das quince primeiras hai obras que propuxo, cando non ten nin a maioría do Pleno, así pode ter un triunfo e decidir máis da metade das obras cando non representa máis da metade deste Pleno, nin deste pobo, por tanto ata para vostede é unha proposta xusta. Se ten algunha matización pódese falar pero non se tome as cousas como dadas, porque non o son, así cando vostede non puxo as condicións para falar e discutir teranas que poñer os demais. Hoxe chégase aquí única e exclusivamente pola súa responsabilidade, logo de dous meses de ausencia de ningún tipo de iniciativa. Dixo que quedara en presentarme unha proposta e unha entregouma xusto dous días despois de que o goberno pedira as súas, que era o que me pediron que fixera. É certo que houbo unha reunión cos habilitados nacionais que traballan no Concello para falar desta cuestión, se lembra a data na que quedou en entregarnos a documentación?. Foi o 15.01.2016, pero a Comisión foi case que dez días despois, que foi cando a oposición tivo esa

información, por tanto pasou de quedar mes e medio a quedar só un mes e só vostede saberá porque esa información nola deu tan tarde e non vale que diga que esa información foi difícil de obter, pois parte da información era comprobar as subvencións que se suprimían respecto dos investimentos da Deputación no último ano. Ese traballo, no Concello no que traballo encargáronmo a min e non o fixen do último ano senón que o fixen dos últimos catro anos e levoume dúas horas facelo, todo iso sen discutir a competencia de ninguén, porque neste Concello hai xente bastante máis competente que el, polo que agás o goberno tivese outras prioridades, quince días foi unha marxe máis que prudente, pero, nese caso, a responsabilidade é do alcalde. Por tanto, estase aquí porque o alcalde non traballou, porque non cumpriu os prazos que se deu vostede mesmo, porque non tivo vontade de decidir nada coa oposición e si de decidir todo só, como acaba de recoñecer que hai días que están feitos os proxectos, polo que non comprende por que os convoca para discutir sobre os proxectos se xa estaban encargados. Isto é un sen sentido e non me preocupa que o pase mellor ou peor nos Plenos, preocúpame que estean nun barco sen rumbo, pero mentres vostede sexa alcalde, ten a obriga de realizar a mellor xestión para os veciños e veciñas de Fene. Non me interesa o seu futuro político ou persoal, e vaia por diante os seus mellores desexos no persoal porque no político espera que algún día cambie, mellor antes que despois, pero cando menos estea mellor. Defenda ao seu pobo, aos seus veciños e traballe cos tempos necesarios para que as cousas poidan ser.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di:

Non vou practicar a praxes da dialéctica política que está levando esta Corporación que é o "lerchismo" pero xa que se falou do whatsapp, non me parece o xeito correcto de relacionarse politicamente nun Concello, non somos nenos, pódese ler ou non e ter corenta ou cincuenta pero penso que para isto están os e-mails. Xa que hai que ler whatsapp, teño un do alcalde do 27.07.2016, o seguinte é do 03.10.2016, o seguinte o xoves 29.12.2016 e outro de onte. Sucede o mesmo, o alcalde non quere falar co voceiro de Somos Fene, prefire falar con outra xente pero el é o voceiro do grupo político de Somos Fene porque Somos Fene quere que sexa el o seu voceiro. O 29.01.2017 é a data do inicio da discusión do POS, hai nove días e o alcalde non pretenderá que a oposición lle faga as cousas que ten que facer el, o alcalde é el, aínda que de xeito ilexítimo por medio dun golpe de man, dun golpe de estado no Concello e non pode pretender que a oposición lle faga os plans de actuación, debe presentar un plan e logo a oposición debe criticar o devandito plan e achegar as aportacións, e non o revés, que o alcalde poida facer o plan sen as aportacións da oposición. Respecto das pistas de padel, eu fun máis dun ano concelleiro de Deportes, sistematicamente bloqueado polo alcalde, así dende o pouco de ser concelleiro recibiu as propostas do Círculo de Fene das pistas de padel e, pola súa profesión, sabe que hai unha demanda intensísima en todos os concellos non só do contorno, senón de España e a nivel mundial, así en Cedeira acaban de facer exactamente o mesmo. O Concello de Fene non ten instalacións propias, lémbrolle ao alcalde que unha das súas propostas era intentar, pouco a pouco, acadar terreos para poder centralizar as instalacións deportivas o que ía supor un abaratamento dos custes e o parroquialismo e o clientelismo, hoxe en día, a nivel de actuacións deportivas non se ven porque é perder cartos única e exclusivamente. O meu grupo sentouse coa directiva do Círculo de Fene e son eles os que teñen que dicir se están en disposición ou non de presentar os terreos, e se din que están en tempo eles téñenos que crer. Esta actuación é a trintava parte da súa moción. Facendo un pouco de "lerchismo" non me diga agora que nada das pistas de padel, cando eu como concelleiro do grupo de goberno e logo nos medios de comunicación tiven serios problemas co resto do goberno por opoñerme a que se fixera un área recreativa para os cans nun área de protección como é a ribeira, das poucas que hai no Concello, polo que houbo serios problemas daquel goberno tripartito, por iso non comparen isto cunha pista de padel. A concelleira do grupo Mixto preguntou se fixemos unha enquisa para saber canta xente quere a pista de padel e preguntolle daquela fixo outra para saber canta xente quería o "pipican" en San Valentín?. Isto é "lerchismo" e non ten oco na política. Tamén fun concelleiro da Área de Participación con cero euros de orzamento e non se puido facer nada. As poucas cousas que se quixeron facer de participación a nivel deportivo, cando se presentaron as cuestións de participación, o alcalde dixo que había cousas máis preferentes e houbo que retirar a proposta que estaba en Secretaría. Logo a mentira continuou, así estou canso de ler na prensa que xa se teñen feito contratos e o meu grupo non ten ningunha información, o alcalde non fala co meu grupo e non ten ningún dato, absolutamente nada. Aquí hai unha proposta que traballaron todos os grupos e haberá que votala e os grupos decidirán o resultado. Iso é democracia.

Seguidamente intervén a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di:

Cando fala de "lerchismo" falará do seu grupo e quero pensar que non se refire, cando menos, á parte que lle corresponde. Vin coa intención de ser moi respectuosa pero como o señor Antón Noceda abriu a veda agora penso falar. Falou de que o whatsapp non é moi oficial, podo estar de acordo con vostede, pero é que non contesta a nada porque eu envielle un correo para o 25.11.2016, para o 13.01.2017 e aínda estou esperando que me responda. Falou das enquisas e o señor Noceda dixo que tiña feito un estudo e gustárame velo, porque ao mellor logo de velo podería estar de acordo coas obras propostas. Rógolle que mo facilite. Podo entender todo isto sobre o padel, de abrir a mente e todo o que vostedes queiran pero nos tempos actuais de crise, nos que as familias seguen sen chegar a finais do mes, no que segue a haber curtes de luz e desafuzamentos non me falen de que o padel, o tenis, o piragüismo e todo o que queiran é unha prioridade, síntoo pero para min non. Cando se falou de que se non se aproban as obras será responsabilidade exclusiva do alcalde... penso que aquí dáse moi ben o de continuar coas chantaxes e coas ameazas e se o POS non se aproba cada un terá que asumir as súas responsabilidades. Os campos de fútbol claro que se fixeron en entidades privadas, pero a través unha subvención ex profeso para iso. Faime gracia de que se consultou á xente para o tema do padel, xa que vostedes son moi dados a consultar á xente, e imaxina que será a mesma consulta que fixeron cos veciños de aquí, co tema do cambio do nome da rúa, pois anda que non levan protestado. Imaxino que será o mesmo tipo de consulta. Respecto do dito polo voceiro do grupo municipal do PP, que comparou a mesma demanda de xente para xogar ao padel que os que solicitan Servizos Sociais, paréceme moi triste, díxome: "Sabe os usuarios que hai en Servizos Sociais?, pois os mesmos para o padel". Paréceme tan lamentable este comentario que xa non lle vou contestar pero cando chegue o mes de novembro ou decembro e non se poida atender aos usuarios, mandareinos xogar ao padel. Quero aclarar que non teño ningún problema persoal coa entidade.

A continuación intervén o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que si.

Prosegue a dicir a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, :

Estou a falar de prioridades e -dille ao voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo,- protestou polos parques infantís, que ademais sei que tiña unha teima importantísima cos parques infantís cando gobernaba o PP, e puxo esa prioridade no lugar dezaseis. Respecto do río Cádavo que provoca inundacións ano tras ano vai no lugar vinte. A ampliación dos nichos do cemiterio que tiña moito interese en facelos vai no número vinte e cinco. A ampliación das beirarrúas de Naturais en Fene vai no lugar vinte e nove. Paréceme moi ben os compromisos que se acaden en campaña, todos os grupos políticos os fan, pero o sentido común é a prioridade, porque estou segura de que todos os grupos levaban na súa campaña electoral o compromiso de dotar ao único colexio que non o ten, o patio cuberto, seguro que todos levaban esa proposta e ese empeño non o vexo na proposta. Hai que ser moi retorcido para dicir aquí no Pleno que ela ausentouse da xuntanza -dille ao voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo,- e non lle vou dar explicacións a el pero si á xente que está no Pleno que é quen ten que recibir as miñas explicacións, ausenteime porque tiña unha xuntanza coas traballadoras de Servizos Sociais convocada dende había unha semana para as 10.00 h e me valeu porque o que estaba escoitando era que non ían votar iso porque non estaban as pistas. Mágoa deste esforzo titánico que está facendo contra este grupo de goberno non o tivera hai cinco anos.

De seguindo fai uso da palabra o alcalde que di:

Lémbrolle ao voceiro do grupo municipal do PP que, efectivamente, nas obras do POS que se fixeron durante o seu goberno, moitas das obras que se falaban non acababan facéndose, por un motivo ou por outro, porque non había permisos ou calquera outra, así que moitas obras acababan caéndose e viñan ao Pleno como viñan, certo que nalgunha ocasión o BNG non votou a favor, pero abstívose sempre para que a acción de goberno seguisen cara adiante e as subvencións se aprobasen, sempre. Respecto da frase que comparou Servizos Sociais cos usuarios do padel non lle vou dar importancia porque supón que non era esa a idea coa que se dixo. Respecto do dito polo voceiro do grupo

municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, nunha reunión con todas as Sociedades do Concello na que había varios concelleiros do Goberno, comprometeuse con algunha Sociedade e con algunha parroquia e dixo que no 2016 non se facía ningún investimento nesa parroquia porque o que se ía facer era investir no 2017 todo o que non se investiu no 2016. Se as propostas coinciden pois perfecto, todo adiante, pero o que pasa é que cando coinciden logo semella que se queren cambiar e iso é o que estou vendo hoxe aquí. No punto oito antes estaba de acordo pero na reunión que tiveron o luns ou o mércores xa dixen que esa actuación, o arranxo dos vestiarios do campo de fútbol, xa se estaba facendo con recursos municipais. Cando se levan moitas actuacións redúcense porque hai que ver as posibilidades que hai, iso foi o que o goberno fixo e o fixo concretando e con realismo. Respecto dos datos que son precisos para saber que pode ir a investimentos, que pode ir a amortización da débeda e demais, supoño que o voceiro de Somos Fene tamén o saberá, porque como non participou en ningunha das reunións que houbo ata o de agora, nin en decembro, nin en xaneiro. Un dos datos polos que se retrasa é precisamente porque hai unha partida que ten que ir destinada ao pagamento dos provedores sempre que non cumpran 90 días logo do período de pagamento, pois ese dato hai que pechalo o trinta e un de decembro. Por sorte, aínda que a algún lle moleste, este ano non temos ningunha débeda pendente con provedores, cero euros, por primeira vez na historia do Concello. Temos a sorte de poder dedicar os cartos do POS+ case que na súa totalidade a obras, entre outras cousa tamén, porque o Concello pechou o ano coa débeda bancaria, probablemente, máis baixa da historia do Concello, que non chega a un 6%, débense 580.000 euros aos bancos. Conseguiuse baixar á débeda ao máximo e non ter ningunha factura fóra do período de 90 días do período de pagamento. Retrasáronse uns días en saber isto pero di que é traballo feito. Di que vostede é unha persoa moi avisada -dille ao voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo,- e que pode facer todo iso nun par de horas pero á maioría da xente lévalle un pouco máis saber como se pechou o ano.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que só falou dos ingresos por subvencións.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di:

Quero que quede constancia de que se falou dos estudos sobre usuarios e non sobre os usuarios. Pídlles a todos que non sexan retorcidos. Tamén me gustaría deixar constancia de que o ano pasado o POS aprobouse por unanimidade e que alégrome moito de que o alcalde se congratule de que a débeda bancaria está moi baixa porque logo de meter case que seis millóns de euros nos últimos 28 anos de goberno e agora presume da débeda paréceme un mérito.

De seguido o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, preguntalle ao secretario a quen lle corresponde pechar a quenda de palabras dunha moción.

Pecha o debate a moción o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di:

Penso que o Regulamento orgánico municipal di que os debates das mocións os pecha o propoñente. Non teño maior interese en pechar este debate pero si en deixar constancia para os seguintes Plenos, senón pido que me corrixan e estarei encantado de rectificar. Aproveito a quenda para facer algunhas matizacións. Cando un vaise polos camiños da demagogia córrense riscos e cando se di que esta ou aquela proposta vai no posto quince ou no vinte, logo os papeis din o que din e se se van aos papeis aquelas actuacións tan importantes que había que facer o río Cádavo o goberno as poñía no posto trece de dezanove propostas e iso non é para tirar foguetes. Pregúntolle á voceira do grupo Mixto municipal se sabe cal era a única proposta na parroquia de Sillobre, na súa parroquia. Era o tratamento de augas fecais no Regueiro, en que posto ía?, ía no posto quince de dezanove. Por tanto, non me gusta que estes sexan os termos do debate pois se van a esas, todos atoparán investimentos importantísimos en lugares que igual non tiñan que estar pero igual tampouco hai os cartos que tiña que haber para que todos se fagan ao mesmo tempo. Cando dixo que neste Concello non hai facturas pendentes para incorporar ao POS+ ten que dicir toda a verdade, porque as facturas para incorporar aquí serían facturas cunha antigüidade de máis de cinco meses. Entón facturas sen pagar si que hai, non hai ningunha que teña máis de cinco meses, que xa é moito, pois o prazo de referencia son trinta días. Convido ao alcalde á reflexión que lle fixo o voceiro do grupo

municipal do PP que, a pesar de que tamén tivo defectos, o POS do ano pasado aprobouse por unanimidade.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que infórmalle que o peche do debate correspóndelle ao proponente pero para ratificar ou modificar a proposta presentada.

Rematado o debate someteuse o asunto ao Pleno, que en votación ordinaria aprobou a moción por maioría absoluta de 12 votos a favor (7 do grupo municipal do PP, 3 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal Somos Fene), 1 voto en contra do grupo Mixto municipal e 4 abstencións do grupo municipal do BNG.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Primeiro. Instar ó goberno a que proceda de inmediato a realizar os traballos para a inclusión no POS+ 2017 das obras que se indican a continuación incluíndose pola orde indicada na solicitude ate acadar o importe da cantidade asignada, máis as incorporacións da Deputación e as baixas.

- 1) 1º Fase do saneamento de augas fecais por gravidade no Feal e nas Picas (Magalofes).**
- 2) Separativa de pluvias e fecais da rúa Tellerías e O Regueiro e conexión das fecais ao colector e estación de bombeo, incluído a conexión da separativa de pluviais e fecais dos bloques 5 a 12 da Avda. do Mar ao colector (San Valentín).**
- 3) Substitución de tubería da auga na Avda. Porta do Sol tramo do Camiño de Buios a Talleres Santa Ana do Sol e cambio do enganche da auga para o camiño de Buios. (Fene).**
- 4) Saneamento de augas fecais por gravidade no camiño do Regueiro (Sillobre)**
- 5) Eliminación dos vertidos no Carril (Barallobre).**
- 6) Mellora de firme con MBC no último tramo do camiño (40 m.) Volta do Ramo (Barallobre).**
- 7) Arranxo do tellado da Galiña Azul. (Perlío).**
- 8) Arranxo dos vestiarios do Campo de Fútbol. (Perlío).**
- 9) Reforzo con Rego Asfáltico triple por zonas dende o cruce da rúa Travesa e a rúa Gerardo Díaz ata o Lavadeiro de Mundín (Perlío)**
- 10) Rego asfáltico na rúa Unión – Souto Bello (Maniños).**
- 11) Camiño perpendicular ao camiño da Fonte (Rúa penela) e/ou rúa Coto Pequeno (Limodre).**
- 12) Pistas de Padel (Fene).**
- 13) Reurbanización do - Bloque 5 en San Valentín e reforzo do firme na Avda. da Cooperación tramo Avda. do Mar ao Economato de ASTANO. (San Valentín).**
- 14) 1º Fase Saneamento por gravidade Zona de Buio (Sillobre)**
- 15) Reforzo con rego asfáltico triple dende o lavadeiro de mundín ata a NVI (Zona de Santa Ana) (Fene).**
- 16) PARQUES INFANTÍS: Adaptación á normativa dos parques infantís: Parque Infantil do Río Cádavo (Fene), Parque infantil de San Valentín (Pavillón) (San Valentín) e Parque Infantil da Ribeira (Barallobre).**

- 17) Substitución tubería de auga potable no cruce de Fene (Fene).
- 18) Mellora do peche da pista polideportiva de San Valentín peche perimetral e pavimento (San Valentín).
- 19) Substitución de tubaxes de auga e reforzó de firme (MBC) no Cádavo (Perlío).
- 20) Estabilización e reposición de obras de contención nas marxes do río cádavo en varios puntos (Perlío).
- 21) Mellorar as beirarrúas da Avda. Naturais na marxe dereita (Fene)
- 22) Reforzo de firme con MBC na rúa Alta (Perlío).
- 23) Reforzo do firme con rego asfáltico triple no camiño de Mundín (Tramo Lavadeiro-ó camiño dos Pinares) (Perlío).
- 24) Area recreativa de San Valentín.
- 25) Ampliación dos nichos no cemiterio municipal de Fene.
- 26) Reforzo do firme con MBC na rúa Fontelonga (Fene).
- 27) Reforzo de firme con MBC nas rúas Xunqueira, Peirao e Hortelá (Perlío).
- 28) Reforzo de firme con MBC da rúa do edificio de Servizos Sociais (San Valentín).
- 29) Ampliación de Beirarrúas na Avda Naturais. (Fene).
- 30) Reforzo de firme con regos asfálticos no camiño de San Marcos (Moreira) (Sillobre). (Previa expropiación dos terreos necesarios).

3.2 Moción urxente dos grupos municipais do partido Popular de Fene, grupo municipal Socialista de Fene e Somos Fene, para aclarar os motivos que levaron o alcalde a aprobar o abono do custo dun permiso de condución a un funcionario municipal

Os grupos municipais do partido Popular de Fene, grupo municipal Socialista de Fene e Somos Fene presentan a seguinte moción para a súa introdución por urxencia na orde do día:

“MOCIÓN URXENTE DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PARTIDO POPULAR DE FENE, GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE FENE E SOMOS FENE, PARA ACLARAR OS MOTIVOS QUE LEVARON O ALCALDE A APROBAR O ABONO DO CUSTO DUN PERMISO DE CONDUCCIÓN A UN FUNCIONARIO MUNICIPAL

D. GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL, voceiro do Grupo Municipal del Partido Popular, DON ANTON NOCEDA CARBALLO, Voceiro Grupo Municipal Socialista e DON XOAN MANUEL RODRIGZ BASTIDA, Voceiro de SOMOS FENE, de conformidade co establecido na lexislación vixente presentan esta MOCION para o seu debate y aprobación polo Pleno do Concello de Fene con base nos seguintes.

ANTECEDENTES

O pasado 28 de Novembro de 2016 o Alcalde de Fene, Don Juventino Trigo Rey, asina o Decreto Nº 1249/2016, Resolución da Alcaldía que aproba o custo derivado da obtención do permiso de condución clase C a un traballador con cargo a aplicación orzamentaria 221.16200 por importe de 1.045,60 euros e ordea o seu pagamento.

A Intervención Municipal en data 25 de novembro de 2016 emite informe e fiscaliza de disconformidade con efectos suspensivos a proposta achegada polo alcalde, por non cumprir os

custes derivados da obtención do permiso de condución os requisitos esenciais que debe reunir a formación recibida polos empregados municipais para que a mesma poida ser sufragada con cargo o orzamento municipal.

Por parte da Alcaldía levantase o reparo polos motivos expostos que son carencia de persoal para a realización das tarefas de mantemento do alumado público e as limitacións legais para a contratación de persoal.

Igualmente se fai constar que xa se encargou, formalizando un contrato menor, a asistencia técnica para a elaboración dunha proposta de modificación da estrutura de postos e organigrama administrativo do departamento de obras e servizos, e que a petición do Concello foi para solventar a carencia de persoal existente no departamento encargado do mantemento do alumado.

No Pleno Ordinario do Concello de Fene de data 4 de Xaneiro de 2016, no punto da orde do día sobre a dación de conta das resolucións de alcaldía se solicitou a explicación de dita resolución, manifestando o alcalde que se daría na correspondente comisión de persoal.

No punto de Rogos e Preguntas volveuse a reiterar que explicase dita resolución limitándose o alcalde a expoñer o que xa consta na resolución e que se daría cumprida conta na correspondente comisión.

En data 25 de xaneiro de 2017 celebrase a Comisión de Persoal na que non comparece o alcalde e por parte da Presidenta e Concelleira de persoal manifestase que pensaba que xa se deran as correspondentes explicación no pleno.

Resulta evidente que por parte do alcalde pretendese deixar pasar dito asunto sin dar as explicacións precisas.

En todas as lexislaturas houbo e hay postos de traballo vacantes que dende logo nunca se cubriron de maneira semellante. Dende sempre se complementou o servizo do Concello con outros traballadores ou mediante a contratación de empresas auxiliares especializadas.

O modo de proceder non deixa de ser un agravio para a totalidade da plantilla de traballadores municipais.

Non xustifica esta Resolución nin a carencia de persoal, nin a imposibilidade de contratar, nin moito menos unha futura modificación do organigrama do departamento de obras e servizos.

O alcalde debe dar cumprida explicación dos verdadeiros motivos que xustifiquen dita resolución.

O artigo 46 do Regulamento Orgánico do Concello de Fene establece que "Son Comisións Informativas Especiais ás que o Pleno acorde constituir para un asunto concreto, en consideración ás súas especiais características de calquer tipo".

Por todo elo solicitamos do Pleno se tomen os seguintes ACORDOS:

- Constituir unha Comisión Informativa Especial para que por parte do Sr. Alcalde se expoñan os motivos que o levaron a dictar a Resolución Nº 1249 de 28 de novembro de 2017 e a levantar o reparo suspensivo da Intervención Municipal.

Fene a 2 de Febreiro de 2017.

D. GUMERSINDO GALEGO FEAL/ D. ANTON NOCEDA CARBALLO / D. XOAN MANUEL RODRIGUEZ BASTIDA"

Abre o debate o voceiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, que xustifica a urxencia dicindo:

No pasado Pleno pregunteille ao alcalde, na dación de conta das Resolucións, polo Decreto da alcaldía 1249/2016 ao que o alcalde contestoume que non procedía e non insistín porque nese punto é certo que non procedía. Non obstante, reitereille a pregunta no punto Rogos e preguntas e a partir dese momento os feitos fóronse producindo, determinados medios de comunicación fixéronse eco da nova e os representantes dos traballadores tomaron coñecemento daquela. As explicacións non foron suficientes e se nos dixo que este tema se trataría na Comisión de Persoal, Comisión na que a súa presidenta, concelleira de Persoal, dixo que consideraba que no Pleno se deran as explicacións suficientes e que non ía dar ningunha outra explicación. Por iso penso que é moi urxente que se aclare e se saiba por que se fixo esta actuación, por que se ditou esa Resolución da alcaldía en contra do que se viña facendo normalmente e ademais non se dean máis explicacións que as que constan na devandita Resolución. Considero que merecemos unha explicación e é moi urxente constituír unha Comisión especial para que se aclare o motivo e as consecuencias que poden levar as decisións tomadas nesa Resolución.

Neste momento auséntase da sesión o concelleiro Justo Martínez Ardá.

Ao non haber máis intervencións o Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta de 12 votos a favor (7 do grupo municipal do PP, 3 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 4 votos en contra (3 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal), acordou incluír na orde do día por urxencia a Moción transcrita.

Neste momento incorpórase á sesión o concelleiro Justo Martínez Ardá.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, que dá lectura da moción transcrita anteriormente.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di:

Coincido coa exposición de motivos da moción, entendo que as explicacións non foron claras nin suficientes e que o marco que se propón para o seu debate e exposición é o correcto e o que se debate aquí é unicamente a actuación do alcalde e do grupo de goberno municipal e en ningún caso a actuación dos traballadores municipais, porque entendo que quen é responsable é quen concede unha solicitude ou quen a ofreceu e a aprobou. A quen se cuestiona é a quen toma a decisión de conceder solicitudes ou acordar o pagamento de actividades de formación que non están suxeitas a dereito. Espero que a moción se aprobe e que a Comisión especial se constituía canto antes e que se poidan clarexar as dúbidas que este proceso me alberga.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di:

A moción pretende que o alcalde dea as explicacións necesarias. Non teño nada en contra do traballador se, por parte do Concello se lle ofrece un curso, que o faga, pero creo que quen ten que dicir se un traballador ten dereito a un curso ou non son os sindicatos e isto paréceme única e exclusivamente unha cuestión sindical. O que si é importante é saber porque toma o alcalde a decisión de que un determinado traballador teña dereito a que se lle subvencione a adquisición do carné de conducir.

Seguidamente intervén a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di:

Deime por contenta coa explicación dada no seu momento pero, en calquera caso, gustárame dicirlles aos grupos que gobernaron anteriormente, tanto ao PP como ao PSOE, que eu vin moito levantamento de reparos de moitas cousas. Igual que votei en contra da outra moción tamén votarei en contra desta.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di:

A intención do meu goberno é que a formación dos traballadores municipais sexa un eixo fundamental da política laboral do Concello, de todos os traballadores e de todas as categorías incluídas as máis baixas. Neste caso concreto recomendaríalles aos concelleiros ler toda a Resolución e tamén a súa xustificación. Naquel momento todas as persoas que estaban no goberno e responsables estiveron de acordo, aínda que agora semella que xa se esqueceron. O traballador ao que se lle ofreceu o traballo, sen ter categoría nin salario superior, ven motivado pola enfermidade doutro traballador. Necesitábase alguén que fixese as funcións de chofer electricista. Neste Concello, nese momento cando se preguntou, só unha persoa reunía eses requisitos e nese caso, o partido Popular saberá porque estaba no goberno cando se fixo a RPT, a maioría dos traballadores pedíuselles que trouxeran os seus currículos ao Concello no que figuran os seus estudos. Esta persoa era a única que reunía os requisitos. Pagar ese carné de conducir, decisión miña, afórralle ao Concello miles de euros todos os meses. As limitacións de persoal e da súa contratación que hai ata o de agora é unha responsabilidade exclusiva do partido Popular, que é o responsable de que haxa limitacións á hora de poder contratar persoal nos concellos e nas administracións. A actitude da oposición neste Concello ao respecto disto, a enorme hipocrísia de todos os grupos da oposición neste asunto chega a rozar o escándalo, non vou entrar, e menos nun Pleno, a falar de todos os reparos levantados polos gobernos anteriores e sobre todo polo goberno anterior, incluso relativo a pagamentos a traballadores. O meu grupo vai votar en contra e sigan por este camiño que o están a facer moi ben.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di:

Cando non se ten máis non se pode dar máis. Busque todo o que dixó, todas esas acusacións que pretende imputarnos e léveas á Comisión. Se vostede se empeña, ao mellor entran eses lodos da depuradora onde están as áreas movedizas e hai determinados límites e raias que non se deben pasar, porque pásase dun ámbito administrativo a outro ámbito. Seréñense e soségúense, o que haxa que falar e preguntar xa se falará na Comisión e se ten algunha acusación respecto da oposición rógoille que a leve á Comisión e se hai algo máis a maiores, léveo ao xulgado. Para isto están os veciños que primaron o meu traballo, por moito que diga que o meu grupo o fixo tan mal e cometeu ilegalidades ou case delitos, vostede ten catro concelleiros e eu sete, e nas eleccións autonómicas o PP acadou corenta e dous deputados e o seu respirou cando chegaron aos cinco deputados para ter un grupo parlamentario. A lexitimidade vén de onde vén.

A continuación intervén o alcalde que rógalle que se centre no debate, porque aquí non se fixo ningunha acusación.

O voceiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, pídelo ao alcalde que non o interrompa ao que o alcalde rógalle que non se desvíe do debate.

Prosegue o voceiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, que isto son aptitudes que ao mellor vostede herdou e ao mellor por herdanza deulle o "ramalazo".

De seguido intervén o alcalde que pídelo ao voceiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, que se centre no que se está a falar e non fale de herdanzas porque ao mellor hai que falar de todas as herdanzas. Está seguro de que habería moitas herdanzas distintas, dun e doutro, e rógalle que se centre.

O voceiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, di:

Estase falando de que se pagou un permiso de condución a un funcionario e non vou incidir neste tema, porque aquí ao que se vén é a constituír a Comisión, e logo vostede enfádesa na Comisión e recoméndolle que recade os datos necesarios para que cando acuse aos demais os acuse con razón, se é que os ten que acusar de algo. O meu grupo non lle vai dicir que se centre no tema, porque se quere tamén abrimos unha Comisión Especial para actuacións do meu grupo, incluso lle votaría a favor a súa constitución.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di:

C.I.F.: P-1503600-G

Neste caso e noutros que se discute nas Comisións non se está a dar información, e pola natureza dos problemas dos que se está a falar, que afectan a terceiros, o propio é que abran unha Comisión especial, que se poida levar a unha xuntanza especial da Xunta de Voceiros e que alí se vexan as cousas que pasan ou non, e se hai explicacións suficientes non haberá máis que falar. Votaremos a favor porque entendo que é un marco axeitado para falar destas situacións e do que na comisión se dilucide haberá unha responsabilidade política ou non e haberá lugar a unha iniciativa no Pleno ou non, e se cadra haberá explicacións suficientes e non dará lugar a máis. Deste tipo de cuestións deberían ser quen de tratalas cun pouco máis de normalidade e resolvelas con responsabilidade.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que remítese ao texto da moción.

De seguido intervén o alcalde que quere facer dúas aclaracións á moción, que supón que os asinantes quererán modificar. A moción ten algún erro, en primeiro lugar o núm. do decreto non é correcto e supón que quererán cambialo.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que o outro día na Comisión preguntaron por este número e se lles dixo que estaba ben.

Continúa a dicir o alcalde que a Resolución en cuestión en vez de ser a 1249 é a 1294, e trátase dun erro no número. Por outro lado no acordo hai que mencionar a composición da Comisión porque a ten que fixar o Pleno, así pódese dicir que se constitúe coa mesma composición que a acordada por este Pleno para as comisións informativas. Os propoñentes da moción acepta ámbolos dous cambios.

Rematado o debate someteuse o asunto ao Pleno, que en votación ordinaria aprobou a moción por maioría absoluta de 12 votos a favor (7 do grupo municipal do PP, 3 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 5 votos en contra (4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Constituír unha Comisión Informativa Especial para que por parte do Sr. alcalde se expoñan os motivos que o levaron a ditar a Resolución núm. 1294, do 28 de novembro de 2017, e a levantar o reparo suspensivo da intervención municipal, coa mesma composición que a acordada por este Pleno para as comisións informativas.

4. Rogos e preguntas

A continuación o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, fai os seguintes rogos e preguntas:

- O Pleno durou o que durou porque houbo dúas mocións urxentes porque o certo é que a orde do día dá pena. Levan un ano de seca, logo de tanto falar e falar, e pensa que o Pleno está para tomar decisións dentro das súas competencias, pero se o goberno non trae asuntos o Pleno queda baleiro, como é o caso de hoxe.

- Séguese sen dar cumprimento á sentenza da depuradora de Maniños. Quere saber se tomaron algunha medida a maiores respecto á empresa Viaqua dende o último Pleno. Solicitou copia do informe que o alcalde leu aquí e o único que se lle achegou foi un relato cronolóxico das distintas actuacións que fixo Viaqua, pero non ten rexistro de entrada, por iso quere o informe de Viaqua que se leu neste Pleno co seu rexistro de entrada, porque o que se lle achegou non ten valor ningún. Ademais disto o escrito contén fotos que din que son do 23.01.2016 e con elas agrávase aínda máis a situación, pois o escrito di que o mesmo día que se remata o baleirado da parte líquida comézase cos traballos para a retirada dos lodos, na primeira xornada lógranse retirar sete viaxes de lodos ata unha das EDAR xestionadas por Viaqua e procédese a súa deshidratación para posterior traslado a un xestor autorizado. Viaqua dispón de todos os partes de traballo en formato papel para corroborar

estes traballos. A maiores, o alcalde volveu dicir no Diario de Ferrol que xa van retirados o 70% dos lodos ao que dille que será o 70% da auga, porque o resto segue alí como proban as fotografías que presentaron coa moción de reprobación que presentou para o último Pleno. Por tanto repite que este tema é de "traca", unha tomadura de pelo e por iso quere que se lle facilite: a que EDAR doutro concello se trasladan os lodos e se iso o sabe ese concello?; estase retirando lodos de Fene, din que para outro concello sen deshidratar, e quen soporta os custes da deshidratación?, precisa unha explicación disto; quen ordena, quen permite, quen xestiona e quen avala a decisión de facer esa actuación?, onde están os informes técnicos ao respecto?, pois semella que se están trasladando ilegalmente polo que di ese informe; onde están os partes de entrega ao xestor autorizado, porque os partes de traballo non valen, pois se poden facer 100.000 partes; pide que se achegue inmediatamente o informe de Viaqua con selo de entrada e lido polo alcalde no Pleno anterior, o informe técnico que avale a retirada dos lodos, os partes de entrega a un xestor autorizado, os traballos realizados dende o último Pleno e a Resolución da alcaldía, corroborada polas dúas sentenzas das que xa se falou e que establece que a retirada ten que ser inmediata e a multa diaria. Dille ao alcalde que execute a sentenza porque empeza a entrar nun terreo moi pantanoso e ao mellor os lodos os poden coller a todos, así que dille que execute a Resolución da alcaldía e impoña penalidades porque ten toda a legalidade do mundo como se verá noutro momento, outra cousa é que non o queira facer e a empresa Viaqua non lle impoña as penalidades pero el veu asustado como lle impuxo penalidades de 1.000 euros diarios a algunha comunidade de propietarios.

- Respecto do Punto Limpo di que xa hai máis dun mes que o alcalde dixo que xa estaba listo o regulamento pero xa pasou o mes e aínda non hai regulamento e vostede sae no xornal.

- Dille ao alcalde que leva anunciando dende novembro que vai presentar as liñas básicas do orzamento pero están en febreiro e non hai aínda nada, por iso preguntalle, cando as vai achegar?.

- Dille á concelleira de Servizos Sociais que a súa compañeira de partido, Yolanda Díaz, veu ver o paso elevado na vía do tren en Perlío, os pasos subterráneos e sacou algunha foto. Por iso preguntalle se a súa compañeira de partido compartiu con vostede esas necesidades e que actuacións vai facer EU, porque semella que se brindou a facer algún tipo de actuación, por iso preguntalle se ten avance desas actuacións? e que avances pode darlles sobre o tema?.

- Viu con preocupación que o alumeado do nadal seguía instalado e agora comprobaron que xa se está a retirar por iso dá por contestada a pregunta de cando se ía retirar o alumeado de nadal.

- Respecto dos parques infantís díxose na Comisión que había algún moi perigoso e contestouse que se era consciente disto e que se estaba actuando. Na Comisión incluso se propuxo o peche do parque de Barallobre polos problemas que podía ter de perigosidade se o usaban os nenos, por iso quere saber se se tomou algunha decisión.

- Na Comisión de Urbanismo o concelleiro díxolles que a caseta do río Cádavo non se arraxaba porque non había carpinteiro. Xa sabe que este goberno non contrata persoas senón que contrata actuacións e se non hai quen o poida facer no Concello quere saber se existe a intención de contratar unha actuación concreta dunha empresa especializada.

- Díxose que as bases do entroido estaban en fiscalización. Cando van estar as bases?.

- Na Comisión díxose que a cabalgata, organizada por unha empresa privada e non por unha asociación cultural, os únicos coches municipais eran os que abrían a cabalgata, pero viu que os coches que tiraban das carrozas eran de Protección Civil. Son conscientes disto?, utilizou a empresa privada algún medio público?. Tiveron coñecemento e saben que a cabalgata saíu da nave de San Marcos, por iso pregunta por que motivo se lle facilitou a nave de San Marcos a unha empresa privada?.

- Preguntouse se se cambiaron os representantes do Concello no Parque de Seguridade Vial ou se houbo algunha reunión con Tráfico para renovar o material e non se lle contestou nada. Quere saber se se fixo algo.

- A ordenanza de Servizos Sociais xa case que estaba pero non dá arrancado, arrancará pronto?.

- A asociación Amigos de Galicia está repartindo alimentos nas dependencias de Servizos Sociais e non sabe en que condicións, se hai asinado un convenio ou se a situación está regulamentada.
- Hai un segundo requirimento da Xunta de Galicia para emendar as deficiencias derivadas da inspección no mes de abril polo que pregunta que graves eran as devanditas deficiencias para que no mes de febreiro haxa un segundo requirimento da Xunta de Galicia e que estea aínda sen cumprimentar?.
- Hai unha empresa que se chama Team Cuatro, que é unha empresa de recobro de morosos, quere saber porque se dirixe ao Concello para reclamarlle xustificantes de pagamentos pendentes?.
- Hai varias facturas da empresa Rodríguez Rodríguez Torres, SL por asesoría a Servizos Sociais. No anterior Pleno contestouse que non se cambiaran os servizos xurídicos e ao mellor é que o mesmo avogado constituíuse nunha sociedade limitada, pero algún cambio houbo e pregunta por que non se lle dixo?.
- Hai deficiencias no colexio do Ramo que non atenden, un tubo que verte, un portal que non abre, o mantemento do ascensor e pregunta porque non se queren facer cargo do mantemento do ascensor se son gastos de mantemento?. Se se facía o mantemento da pasarela metálica que había para dar acceso aos minusválidos ao colexio, con máis motivo pensa que o Concello debía facerse cargo do mantemento dos ascensores. Vaise facer o Concello ao final cargo destes arranxos?.
- Fíxose algo respecto da remunicipalización do servizo de auga e rede de saneamento?.
- Fíxose algunha actuación na pista de atletismo do instituto de Barallobre?
- Fíxose algunha xestión coa Deputación polo tema do aparcamento do Instituto?
- Hoxe sae no xornal o Plan de formación da Deputación e pregúntalle ao goberno por que tiveron que enterse pola prensa e non deron conta na Comisión.
- Hoxe estábanelles notificando aos veciños desta rúa o cambio de nome. Cumpriuse bastante rápido esta moción pero outras que están aí esperando o seu cumprimento non se lle dan tanta axilidade. Por tanto solicita que se lle dea axilidade ás mocións aprobadas neste Pleno igual que a que se lle deu a esta.
- Cando se vai contestar por escrito ao sindicato que ten representación neste Concello do que se lle dixo no anterior Pleno que se lle ía contestar?. Tamén quere saber cando se lle vai contestar aos traballadores e cumprir o acordo do Pleno para completar a perda do poder adquisitivo dos traballadores que están de baixa?.
- Respecto do contido das actas plenarias no que o alcalde contéstalle respecto da dedicación

Na acta do Pleno de decembro o alcalde díxolle: ".../... Hai unha cousa que ao mellor non ten que é a conciencia , el vén ao Concello a facer un traballo ao servizo dos veciños e veciñas e pensa, en conciencia, que se pode evitar gastos á propia institución, o ve axeitado. Non todo o mundo o poderá facer, pero el se pode non ten ningún problema en facelo. Di que de momento é unha cuestión de conciencia e a dedicación exclusiva que ten para o Concello pensa que a estas alturas está lonxe de toda dúbida, cousa que outras persoas, ao mellor tendo diversos ingresos, chegan aquí e tamén queren cobralo todo, pero iso é unha cuestión de conciencia de cada un. .../...". El contestoulle: ".../...Repróchalle ao alcalde que vaia deixando pullas soltas como que uns veñen aquí a cobrar ou que outros teñen máis ingresos e lémbrralle ao alcalde que nun Pleno, un informe de secretaria e de intervención díxolle que sendo concelleiro deste Concello, non podía contratar como contrataba coa súa empresa os seguros desta Casa. Por isto, dille que agora non proceden estas pullas. Estes son feitos que constan nun Pleno e as cousas que dixo o alcalde agora son un pouco insidiosas, no sentido de tratar de tirar á súa bancada cousas que non existen e nunca existiron. Naquel Pleno no que se lle pediu a súa dimisión como concelleiro, porque non podía contratar co Concello e máis ser concelleiro, optou por renunciar á súa carteira de clientes e pasoulla a outra axencia e por iso seguiu

aquí como concelleiro. .../...". Logo o alcalde contestoulle: ".../...que semella que non lle quedou claro o que ocorreu hai catro anos, porque o que dixo daqueles informes é mentira. O último recibo do seguro que comentou que se pagou neste Concello correspondeu ao exercicio 2010, que foi cando se puido pagar por última vez e el non era concelleiro desta Corporación. Que el como alcalde o pagase máis tarde, non ten nada que ver e iso pódese comprobar, iso reflexa que non se enteraban, de feito o informe ao final quedou no que quedou porque contiña determinados erros. .../...". A proposta da alcaldía do 04.12.2013 di: ".../... O 16.04.2013 emiten informe conxunto a secretaria e interventora municipais sobre a prohibición para contratar coas administracións públicas na que se di "[...] Segundo a documentación que obra nestas dependencias, despréndese que a entidade Trigosegur, S.L. en calidade de mediador non está sendo retribuído directamente polo Concello. Non obstante o anterior e aínda que non media precio directo a satisfacer por parte da Administración, o contrato de mediación existe coa entidade Trigosegur, S.L. e, polo tanto, co Sr. Rey Trigo que ostenta a titularidade do 55% do capital social e elo aínda como contrato verbal que se perfecciona, neste caos, pola asunción de vontades das partes contratantes [...]" e conclúen "Dacordo cos feitos e normativa que foron anteriormente expostos e ós efectos de poder aclarar as eventuais consecuencias xurídicas que poideran derivarse, parece necesario que polo órgano de contratación, Alcaldía, se requira ó concelleiro Sr. Rey Trigo que acredite fehacientemente non estar incurso en prohibicións para contratar coa Administración dende a súa toma de posesión como concelleiro da corporación municipal. .../...". Na acta do 06.03.2014 resume o que dixo o alcalde, cando lle pediu conciencia a el e que non cobrou ningún xustificante de pagamento dende 2010, o 06.06.2013, o concelleiro don Juventino José Trigo Rey presentou un escrito no que comunica que comunicou o 06.05.2013 a AXA a intención de Trigosegur, SL de cesar como mediador das pólizas de xubilación e que a dita aseguradora ten contratadas co Concello de Fene e pon de manifesto que é necesaria esta condición para que o cese se faga efectivo. Por tanto o que di vostede de cobrar e non cobrar e a conciencia de cada un dille ao alcalde que alá a súa conciencia, por iso rógalle que presente a dimisión neste Pleno, primeiro por ser un alcalde ilexítimo e segundo por mentir.

A continuación intervén o alcalde que dille ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que as preguntas feitas neste Pleno contestaráselle todas por escrito na seguinte Comisión.

A continuación o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Súmase ao rogo da falla de contido dos Plenos que dixo o grupo municipal do PP.
- Respecto do Punto Limpo lamenta que siga sen vir ningunha documentación ao Pleno. Viu na prensa que consensou cos alcaldes do resto dos Concellos a súa regulación e non ten constancia que se consensuara aquí, pois a última vez que se falou da cuestión aínda quedaban temas no aire e espera que algún día se poida facer e que veña a este Pleno.
- Respecto do campo de fútbol de Maniños di que é a última vez que roga, como xa lle dixo na Comisión ao concelleiro, e a partir de aí tomará as medidas que estime pertinentes. Pediu no seu momento certificación sobre o céspede de herba artificial que se estaba instalando. Non correspondía en tres parámetros co esixido nos pregos técnicos e entende que non é normal asumir esta cuestión, pediu que se fixera un estudo de contraste deses parámetros do céspede, que se hai un estudo técnico por unha empresa realmente independente e se consensúa no Pleno e os parámetros dan, polo seu grupo está acabado o asunto, senón entende que non se están defendendo os intereses do Concello, pois Fene contratou algo que a todas luces non cumpre e ademais é máis barato. A partir de aí que cada quen saque as conclusións que consideren sacar. Reitera o rogo de que se atenda este petición.
- Hai algunhas cuestións que dixo na Comisión de Persoal que seguen a estar contestadas a medias. Non vai repetilas no Pleno pero rógalle á concelleira de Persoal que busque o marco e o lugar para que esas cousas se aclaren.
- No mes de novembro fixeron unha petición para tratar de facer unha campaña de desratización na zona do centro de Fene. Que actuacións se levaron a cabo?.

- Respecto da cabalgata de reis di que na Comisión informouse dun procedemento, que só se presentou unha empresa. Roga que se lle acheguen copia do expediente da solicitude de orzamentos e di que os que traballan no eido cultural saben, cando falan de cabalgatas de reis, que sempre organizan as mesmas empresas e unhas veces factura unha e outra vez factura outra empresa, pero son exactamente o mesmo. Díxoselles que se ía sacar a concurso este procedemento para cambiar pero viron que a cabalgata contratouse efectivamente a Sedega, e que quen organizaba o "tinglado" era a mesma entidade que a organizaba todos os anos, entón quedánlle algunhas dúbidas e pregunta se para isto tanta viaxe?. A el non lle queda claro e pide que se lle dean explicacións. Por outro lado díxoselle que a cabalgata era máis sinxela que noutras ocasións, o cal é opinable, pero non lle parece opinable que as carrozas levasen publicidade, porque ao final o custe foi igual ou superior que outros anos, pero as carrozas levaban uns carteis dun tamaño considerable dunha empresa de comida rápida do contorno. Ao seu grupo non lle parece ben que a cabalgata leve publicidade e pensa que queda máis lucida e correcta para os nenos se non a leva, pero se a leva supón que suporá algún ingreso para o Concello e no informe de gastos que lle pasaron non constaba ningún ingreso ou igual é que lle fixeron publicidade de balde. Rógalle que se lles toca noutra ocasión organizar a cabalgata que non se lle poña publicidade nas carrozas e nos elementos que leven e se é posible, que polos mesmos cartos se pode facer unha cousa un pouco máis lucida e mellor que esta, e se se fai con tempo, incluso traballando coa mesma empresa con independencia de quen facture, seguro que se pode escoller mellor. Respecto da publicidade quere saber canto se ingresou ou se se fixo de balde polos mesmos cartos que outros anos?.

- A concelleira de Obras contestoulle na Comisión que o cambio de pregos de contratación da Deputación, co cal estaba totalmente de acordo, producían máis retrasos na contratación de obra e pregúntase, xa que a concellería a sustenta o BNG, que opina como se contrata no Concello de San Sadurniño que é un dos poucos da provincia da Coruña que se saltou os pregos de contratación nos POS do ano pasado e que para maior "coña", é que o deputado de Contratación da Deputación da Coruña é do Concello de San Sadurniño?. Entón San Sadurniño ten o deputado de Contratación, sáltase a propia normativa do POS e pretende usar a defensa dos pregos de contratación como un arma de non sabe que, pois dille que lle gustarán moito para Fene pero pregunte se é igual en San Sadurniño ou nalgún outro concello do BNG que non anda moi lonxe polo que fixeron cos pregos da Deputación do ano pasado?. Avánzalle que a el non lle gustan nin os pregos do ano pasado nin os deste, pero xa que están aprobados hainos que cumprir entre as partes.

- Rógalle á concelleira de Medio Ambiente que observa dende hai unha temporada que hai unha empresa de préstamos que ten que ver cos coches que se empeña en poñer carteis de publicidade nas árbores do Concello cravados con puntas. Roga que se retiren o antes posible e que se traten de tomar medidas.

- Preguntou na Comisión polo tema do paseo marítimo, polas táboas que están rotas, polo que pídelle que se Costas non vén rapidamente se arranxen polo perigo que supón ou cando menos que se balicen.

- Falando das débedas di que seguen sen pagarse as subvencións ás entidades e roga que se aceleren eses trámites. Neste Concello hai atrasadas varias anualidades destas subvencións e igual non se pode facer todo o esforzo de golpe pero hai exemplos na provincia doutros Concellos aos que lles pasaba algo semellante e o foron sacando agrupando convocatorias de dous anos nun só, e no mesmo procedemento se saca unha subvención para dous anos e cando menos se actualiza o pagamento ás entidades que non terían que estar demorando os seus pagamentos. Rógalle que se tomen medidas neste senso e que na convocatoria deste ano se regule unha convocatoria bianual, dotada co dobre de cartos, para que co mesmo procedemento se poida ir variando a situación das entidades municipais.

- Respecto do orzamento, segundo xa dixo o voceiro do grupo municipal do PP, estaba anunciado en novembro e seguen esperando. Cree que debía facerse o esforzo de que algún día este Concello teña o seu orzamento cando lle toque.

- Respecto do ascensor do colexio do Ramo sabe que se instalou un ascensor, chegou aos seus oídos que non se pediu a licenza correspondente e que, por tanto, a intervención da Consellería de

Educación parece ser que non foi a mellor pero celebra que o centro teña accesibilidade pero celebrarían bastante máis que se fixera con toda a tramitación correcta. En todo caso entende que dende o Concello se debe tratar de solucionar esa problemática canto antes cara a regularizar o servizo para os nenos e nenas e tamén se regularicen os pagamentos do mantemento do ascensor, que se asuma ese gasto igual que corresponde para o resto dos centros escolares.

A continuación o concelleiro do grupo municipal Socialista, Joaquín Julián Ayala Garrido, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Na sesión plenaria de decembro a concelleira de Benestar e Igualdade quedou en contestarlle por correo electrónico as preguntas que lle fixo pero el non recibiu nada. Rógalle que se mandou o correo llo reenvíe e se non o enviou rógalle que llo envíe á maior brevidade posible.

- En que situación está a permuta co Instituto Galego de Vivenda e Solo para facer logo unha ampliación da instalación da asociación Aspaneps.

- Vai seguir o Concello de Fene a combater a obesidade infantil coas crianzas en idade escolar, como se viña facendo, ata o remate do curso escolar 2015-2016?.

- Hai una Resolución da alcaldía que fala dunha compensación ao club Ximnasia Artística Ferrolterra e pregúntalle ao concelleiro de Facenda a que obedece a dita compensación?.

- Respecto do colexio do Ramo infórmalle ao grupo de goberno que algúns pais fixeron chegarlle o seu malestar non en canto ao ascensor, que tamén, senón en canto a como quedou a entrada e a porta de acceso ao centro. Pregunta se isto se lle vai esixir á empresa que fixo a obra ou a Consellería que repoña as cousas ao seu estado orixinal ou se o vai levar a cabo o Concello a través do seu mantemento?. El entende que debía ser a Consellería.

Contéstalle o alcalde que todas estas preguntas contestaráselles por escrito na vindeira Comisión.

A concelleira de Servizos Sociais dille aos representantes dos grupos municipais do PP e Socialista que moitas das preguntas que fixeron aquí se deron conta nesta última Comisión. Non obstante volverá dar conta na vindeira Comisión.

O concelleiro do grupo municipal Socialista, Joaquín Julián Ayala Garrido, dille que lle pediu na Comisión que lle contestara por escrito.

Contéstalle a concelleira de Servizos Sociais que lle contestará por escrito.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 21.24 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

O alcalde

O secretario accidental

Juventino José Trigo Rey

Fernando Aradas García